



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 79

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria **22 de outubro de 2003**

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 11579).

Retómase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral. Informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

O señor presidente concédelle a palabra ao señor secretario para que dea lectura ás propostas de resolución admitidas pola Mesa. (Páx. 11) O señor secretario (Pedrosa Vicente) le as propostas de resolución admitidas pola Mesa. (Páx. 11.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder ao debate das propostas de resolución, e que cada grupo parlamentario disporá de trinta minutos para a súa defensa. (Páx. 11.)

Debate das propostas de resolución

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas: Sr. Rego González (S) (Páx. 12.), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 18.) e Sr. Casares González (P). (Páx. 24.)

O señor Suárez Canal formula unha cuestión de orde para solicitar que se retiren do Diario de Sesións determinadas expresións do señor Casares González pronunciadas na súa intervención. (Páx. 31.) Respóndelle o señor presidente. (Páx. 31.)

O señor Rego González (S) intervéñ para unha cuestión de orde en relación coa intervención do señor Casares González. (Páx. 32.) Respóndelle o señor presidente. (Páx. 32.)

O señor presidente anuncia que se vai suspender a sesión durante corenta e cinco minutos, co fin de poder chegar a acordos en relación coas propostas de resolución. (Páx. 32.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Rolda de posicionamento dos GG. PP. respecto das propostas dos demais: Sr. Rego González (S) (Páx. 35.), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 37.) e Sr. Castro García (P). (Páx. 38.)

Votación das propostas de resolución

O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación das propostas de resolución dos distintos grupos, e pídelles aos portavoces que indiquen, no momento da votación de cada unha delas, as transaccións que tivesen e as votacións que desexen por separado. (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 17 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 17 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 5 e 6 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da proposta de resolución número 7 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 16 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 39.)

O señor Veiga Buxán (BNG) manifesta que a proposta de resolución número 11 foi transaccionada coa número 62 do G. P. dos Socialistas de Galicia e votada anteriormente. (Páx. 39.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 8, 9 e 10 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 40.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da proposta de resolución número 30 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 17 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 40.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38 e 39 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da proposta de resolución número 40 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 17 votos a favor, 40 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 40.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56 e 57: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 58 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 41.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 58 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 59. (Páx. 41.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 59 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación da proposta de resolución número 60 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

O señor presidente anuncia que se van votar as propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 41.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 1, 2 e 3 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 4 e 5 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 6, 7, 8 e 9 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 10, 11 e 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 42.)

Votación das propostas de resolución número 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

Votación da proposta de resolución número 24 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 42.)

O señor Veiga Buxán (BNG) solicita a lectura da proposta de resolución número 28 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego antes de ser sometida a votación. (Páx. 42.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 25, 26 e 27 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 28 formulada polo seu grupo. (Páx. 42.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 28 nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 29, 30, 31, 32 e 33 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 34, 35 e 36 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44 e 45 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 46 e 47 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58 e 59 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 60 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 44.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 60 nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

O señor presidente anuncia que se van votar as propostas de resolución números 61, 62, 63 e 64. (Páx. 44.)

O señor Veiga Buxán (BNG) manifesta que a proposta de resolución número 62 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego foi transaccionada coa emenda número 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia e votada anteriormente. (Páx. 44.)

Votación das propostas de resolución número 61, 63, 64 e 65 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 34 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

O señor Veiga Buxán explica a transacción na proposta de resolución número 66 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 44.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 66 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 67 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da proposta de resolución número 68 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 15 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 44.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica o texto transaccionado na proposta de resolución número 69 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 45.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 69 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 70, 71, 72 e 73 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 74 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 75 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 76 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96 e 97: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da proposta de resolución número 98 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 40 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 99, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113 e 114 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 35 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 115. (Páx.46.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 115 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobadopor 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 116, 117, 118 e 119 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 120 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 46.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 121 e 122 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 46.)

Votación da proposta de resolución número 123 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 124 e 125 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 126 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 127, 128, 129, 130, 131, 132, 133, 134, 135, 136 e 137 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica o texto transaccionado na proposta de resolución número 138. (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 138 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos explicados: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152 e 153 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

O señor presidente anuncia que se van votar as propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 47.)

Votación da proposta de resolución número 1 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 3, 4, 5 (coa corrección introducida), 6, 7 e 8, do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da proposta de resolución número 9 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 10 e 11 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da proposta de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 40 votos a favor, 17 en contra e 15 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 13 e 14 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 57 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación da proposta de resolución número 15 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 55 votos a favor, 17 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación da proposta de resolución número 16 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 57 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 49.)

Votación da proposta de resolución número 17 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 18, 19 e 20 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 57 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 49.)

O señor presidente explica a corrección introducida na proposta de resolución número 21 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 49.)

Votación da proposta de resolución número 21 do G. P. Popular de Galicia (coa corrección introducida): *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 22 e 23 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 59 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 49.)

O señor presidente recorda que a proposta de resolución número 24 do G. P. Popular de Galicia xa foi votada anteriormente con outra proposta de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 49.)

Votación da proposta de resolución número 25 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 49.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 50.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 27, 28, 29 e 30 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 31 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 32 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 33 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 55 votos a favor, 17 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 34 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación da proposta de resolución número 35 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.* (Páx. 50.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 36 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 36 do G. P. Popular de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

O señor presidente anuncia que as propostas de resolución números 38 e 41 foron retiradas. (Páx. 51.)

Votación das propostas de resolución número 37, 39, 40 e 42 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 43 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 51.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 43 do G. P. Popular de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 44 e 45 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 57 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 51.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53 e 54 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 51.)

Votación da proposta de resolución número 55 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.* (Páx. 52.)

O señor Veiga Buxán (BNG) explica a transacción na proposta de resolución número 56 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 52.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 56 do G. P. Popular de Galicia nos termos explicados: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 57 e 58 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación da proposta de resolución número 59 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 52.)

O señor presidente recorda a modificación da proposta de resolución número 61 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 52.)

Votación das propostas de resolución número 60, 61 (coa modificación introducida), 62, 63, 64 e 65 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 52.)

Votación da proposta de resolución número 66 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 52.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado na proposta de resolución número 67 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 53.)

Votación do texto transaccionado na proposta de resolución número 67 do G. P. Popular de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 68, 69, 70, 71, 72, 73 e 74 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

Votación da proposta de resolución número 75 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 53.)

O señor Veiga Buxán (BNG) solicita a votación conxunta dos puntos números 1 e 2 da proposta de resolución número 76, e por separado do punto 3. (Páx. 53.)

Votación conxunta dos puntos 1 e 2 da proposta de resolución número 76 do G. P. Popular de Galicia: *aprobados por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 53.)

SUMARIO

Votación do punto 3 da proposta de resolución número 76 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 53.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 77 e 78 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 53.)

O señor presidente anuncia que co remate das votacións queda esgotada a orde do día. (Páx. 54.)

Remata a sesión ás nove e quince minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Debate de política xeral. Informe do señor Presidente da Xunta de Galicia, para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión, coa información sobre o desenvolvemento do debate e a comunicación por parte do señor secretario da Mesa do Parlamento das propostas de resolución admitidas pola Mesa.

Ten a palabra o señor secretario.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): A Mesa do Parlamento, na reunión que tivo lugar o día 22 de outubro de 2003, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“A Mesa examina as propostas de resolución presentadas polos tres grupos parlamentarios da Cámara, seguindo a súa orde de inscrición no Rexistro: en primeiro lugar, as 153 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; deseguido, as 60 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as 78 do Grupo Parlamentario Popular.

Logo dun detido exame das propostas e dun debate sobre o contido delas e sobre a súa congruencia, nos termos previstos no artigo 141 do Regulamento, así como a súa correlación co debate aprobado pola Mesa o día 14 de outubro, visto o disposto no artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, a Mesa prestou a súa conformidade de xeito unánime aos seguintes acordos:

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Decláranse congruentes e admítense a trámite 151 propostas de resolución presentadas e anuláanse dúas, a número 129, por duplicidade coa 96, e a 140, por duplicidade coa 53.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 60 propostas de resolución presentadas coas observacións seguintes:

A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno e que a proposta de resolución número 60 se dirixe ao Parlamento de Galicia e non ao Executivo. Xa que logo, somete á consideración da Cámara a singularidade desta proposta.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 76 propostas de resolución presentadas, coas observacións seguintes:

1º. Préstase conformidade á anulación das propostas de resolución número 38 e 41 solicitada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

2º. Complétanse os enunciados das propostas número 5 e 6, engadindo a expresión: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que o IGAPE [...]”.

3º. Na resolución número 24, parágrafo primeiro, débese engadir *in fine* a expresión “Planta regasificadora de Reganosa”; e na resolución número 61 débese engadir *in fine* o termo “profesionais”.

4º. A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno e que a proposta de resolución número 21 se dirixe ao Parlamento de Galicia e non ao Executivo. Xa que logo, a expresión correcta sería: “O Parlamento acorda a creación dun grupo de traballo.

En Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2003”.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

¿Mostran a súa conformidade cos acordos tomados na Mesa? (*Asentimento.*) ¿Hai algo que alegar? Pasamos entón ao debate das propostas de resolución; xa saben que dispoñen de 30 minutos para a defensa das de cada un dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Rego González para a defensa das propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, interveño no nome do Grupo Parlamentario Socialista para defender as 60 propostas de resolución que presentamos, e que teñen como fin principal o desenvolvemento dos cinco retos que anunciou na tarde de onte o noso portavoz Emilio Pérez Touriño; desenvolven as 20 propostas para dar resposta aos problemas que afectan aos galegos e ás galegas, aos problemas globais que afectan ao noso país, que el realizou desde esta mesma tribuna.

O señor Touriño fixo unha radiografía –crítica nalgúns apartados coa acción do Goberno– da situación de Galicia, pero tamén fixo, con moita claridade e con moita contundencia, unha aposta pola esperanza, polas posibilidades e a capacidade e ilusión do noso país para saír adiante. Houbo ademais outro discurso, do presidente da Xunta de Galicia, moito máis autocompracente, moito máis pegado á Galicia oficial que á Galicia real da que falou o señor Touriño, aínda que é verdade que o señor presidente da Xunta tamén lanzou algunha proposta de cara ao futuro, como o Xacobeo 2004 –poñendo como exemplo os xacobeos anteriores–. Ou sexa, señorías, podía-se concluír: a Galicia en festas do ano que vén do señor Fraga contraposta á Galicia emprendedora e con posibilidades que describiu aquí o señor Touriño; seguramente esa sería unha boa radiografía do que se puido ver aquí onte.

Os socialistas queremos presentar, señor presidente da Xunta de Galicia, unha serie de propostas que teñen que ver coa Galicia que describiu o señor Touriño, coa Galicia real, coa Galicia que gozan –sofren e padecen tamén– os galegos e as galegas, o conxunto dos cidadáns da nosa terra.

Señor presidente da Xunta de Galicia, nós ben sabemos –ou sexa, que llo escoitamos a vostede– que vostede ten pensado esgotar a lexislatura, seguir gobernando. A alternativa terá que agardar e nós, sen dúbida, podemos agardar –ningún problema–; parece que vostede tamén, pero os socialistas galegos estamos convencidos de que o país non pode agardar máis tempo e por iso, gobernando vostedes, facemos unha serie de propostas que entendemos que se deben poñer en marcha da forma máis rápida e urxente posible e que teñen que ver, en primeiro lugar, co respecto polas institucións. A primeira ten que ver con esta na que hoxe estamos,

o Parlamento; por iso, señor presidente, a primeira proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, é defender a dignidade deste Parlamento e de todos e cada un dos seus deputados.

No ano 2002 aprobamos unhas propostas de resolución que están incumpridas en máis do 95% dos casos, señor presidente do Goberno galego, a pesar de que máis do 60% das aprobadas eran do Grupo Parlamentario Popular –do grupo que apoia o Goberno– e de que todas e cada unha delas recibiron un amplo referendo parlamentario. ¿Nós que dicimos? Que se cumpran. Parécenos algo imprescindible se queremos deixar claro que o Debate sobre o estado da autonomía serve para algo e se queremos abordar en serio a dignificación do cargo de cada deputado e deputada deste Parlamento, señorías, porque estamos aquí por un mandato dos cidadáns, que todos representamos. Polo tanto, pedimos que ás resolucións aprobadas no debate do ano 2002 se lles dea cumprimento efectivo, señorías. Non se pode estar nesta situación de aprobar si, cumprir non. Algunhas teñen que ver con algo que vou dicir ao final da miña intervención, e direilles tamén por que me parece que se deben cumprir agora igual que cando se votaron, señorías.

Os socialistas, en liña coas propostas do señor Touriño na tarde de onte, queremos –e cremos que é imprescindible– facer unha aposta decidida pola innovación e a educación no noso país. Parécenos que é importantísimo unha lei de calidade do servizo público da educación na nosa terra, un plan de choque contra o fracaso escolar para reduci-lo a menos do 10%, a alfabetización informática, a garantía da capacidade de comunicación nun idioma estranxeiro no remate do ensino obrigatorio, a apertura dos centros á comunidade escolar.

Parécenos imprescindible que exista un plan estratéxico da sociedade da información para rematar coa fractura dixital na nosa terra; parécenos imprescindible, e ademais posible, poñer en marcha un programa de desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación e un programa de I+D+I, para acadar a converxencia coas rexións infoavanzadas, señor presidente, se queremos que todo o noso tecido produtivo compita en igualdade de oportunidades co seu contorno español e comunitario.

Parécenos imprescindible, señor presidente, a creación dunha rede cultural en Galicia, a posta en marcha dunha rede

de recursos culturais, museos, fondos documentais de arquivos, bibliotecas, que sexa accesible por internet de forma gratuíta e universal. E parécenos imprescindible darlle cumprimento á Lei do patrimonio histórico-artístico de Galicia, que foi aprobada por unanimidade neste Parlamento; parécenos que non só temos que ir á elaboración dun plan de protección, recuperación, catalogación e difusión do patrimonio histórico-artístico de Galicia –temos que poñelo en valor–, senón tamén recuperalo de forma axeitada.

Señor presidente, queremos que a Compañía de Radio-Televisión de Galicia forme parte do gran proxecto educativo e cultural da nosa comunidade, e por iso entendemos que, anos despois da súa creación, se fai imprescindible a remisión a este Parlamento dunha lei de modificación da que serviu de base para a súa creación; unha na que se contemple, desde logo, a televisión como un proxecto claramente cultural e educativo, na que se garanta a pluralidade, pola que se cree unha axencia pública de comunicación de Galicia que sirva para xestionar, dirixir e controlar o conxunto dos medios públicos de comunicación independentes do poder executivo. Parécenos imprescindible, señores e señoras deputadas, que o presidente da Compañía de Radio-Televisión de Galicia sexa elixido por este Parlamento con maioría cualificada, en Galicia estamos en disposición de podelo facer así e eu creo que deberíamos camiñar nesa dirección, señor presidente.

Cremos que é imprescindible comprometerse coa cohesión social de Galicia, cunha Galicia socialmente protexida e laboralmente estable. Parécenos, señorías, que hai que ir a unha lei de protección integral da familia no noso país, non podemos seguir co mesmo nivel de carencias que seguen a soportar o conxunto das familias da nosa terra, hai que ir a unha lei que garanta como dereitos as necesidades dos seus membros, que institúa programas claros de axuda a domicilio e garanta prazas de residencias para o cento por cento das persoas en situación de gran dependencia. A creación de 3.500 novas prazas en residencias da terceira idade e en vivendas tuteladas; a extensión ao cento por cento dos cidadáns que vivan sós do servizo de teleasistencia; a subvención co 75% do salario mínimo interprofesional das excedencias para o coidado de familiares, señorías; a creación dunha rede de escolas infantís de carácter público e universal –nós propoñemos que sexa de 30.000 prazas para os próximos tres anos, para nenos de 0 a 3 anos–; todo isto parécenos que é

cumprible, que temos recursos para facer efectivas todas e cada unha destas propostas, e, sobre todo, señorías, o que si temos é verdadeira e exclusiva necesidade de que se poñan en marcha.

Queremos, señorías, que se modernicen as políticas relativas á mocidade no noso país, máis eficacia e maior participación nelas. Por iso entendemos que o Goberno debe remitirle ao Parlamento, nun prazo non superior a seis meses, unha lei de participación xuvenil que aposte polos consellos da xuventude como auténticos intermediarios entre a mocidade e as institucións, que promocióne o sistema de acceso á adxudicación de subvencións ás entidades xuvenís, que garanta a transparencia e a igualdade de todas as asociacións, sexan do carácter que sexan, e que inclúa a creación dun instituto da mocidade de Galicia como instrumento de desenvolvemento das políticas transversais do Goberno en materia de mocidade. A política xuvenil non pode ser un compartimento estanco dentro das áreas competenciais do Goberno, ten que ser unha política transversal –iso é o que nós propoñemos, señorías–. Parécenos que a elaboración dun plan de participación xuvenil conxuntamente co movemento asociativo e co Consello da Xuventude Galicia, no que se enmarquen todas as medidas que se dirixan á xente moza da nosa comunidade, é posible.

Señorías, parécenos imprescindible un programa de redución da precariedade laboral na nosa terra e de calidade no emprego. Para iso, sen dúbida ningunha, hai que ir a unha reordenación do Servizo Público de Emprego para garantir que funcione con maior operatividade, para garantir que teña maiores posibilidades e que, ademais, sexa un servizo útil para o conxunto da cidadanía. A elaboración dun certificado de calidade laboral que implique unha discriminación positiva para as empresas que adopten medidas a favor da calidade no emprego, a redución das taxas de precariedade na Administración e a reordenación que antes citei do Servizo Público de Emprego parécenos que poden e deben facer unha achega positiva á mellora do noso mercado laboral e á mellora da calidade do emprego na nosa terra.

Señorías, parécenos que no noso país non podemos vivir máis tempo de costas a un dos problemas que está sufrindo con maior claridade e con maior contundencia a maioría da nosa sociedade, especialmente os colectivos máis desfavorecidos: os mozos e as familias con menor nivel de renda. Hai

que ir a unha lei de accesibilidade á vivenda no noso país, hai que facer unha aposta clara e decidida pola intervención no sector inmobiliario desde a iniciativa pública, a través de vivendas de protección oficial, señorías. Para iso, propoñemos a reserva dun 30% do solo urbanizable para vivendas de protección oficial e a cualificación de solos procedentes da desafección do Estado para equipamentos e vivendas protexidas –estamos a falar dos solos en desuso do Estado en Galicia, señorías–. Gustaríame que puideramos entender a necesidade da creación dunha empresa mixta entre o propio IGVS, as caixas de aforros e os concellos de Galicia, para ir a un parque estable de vivendas de aluguer que nós propoñemos que sexan 10.000 –pero poden ser 10.000, 15.000 ou 8.000–; agora ben, parécenos que é imprescindible, como se está poñendo en marcha noutras rexións de España e de Europa, crear parques estables de vivendas de aluguer onde si pode participar perfectamente a iniciativa privada na súa consecución e –¿por que non dicilo?– tamén na súa xestión.

Propoñemos, señorías, un plan cuadrienal de vivenda que priorice obxectivos e actuacións no territorio en función das necesidades. Parécenos imprescindible que se faga así, non se pode seguir coa política de impulsos en materia de vivenda e a expensas, exclusivamente, de se hai ou non xestión de terreos por parte dos distintos concellos, esa non pode ser a política de vivenda que ten que estar priorizada en función das necesidades do país e en función, desde logo, das demandas que haxa do conxunto da cidadanía nas distintas áreas do territorio. Por iso propoñemos que neste plan cuadrienal de vivenda se marque o obxectivo de construír 25.000 vivendas de protección oficial –unha parte delas, sen dúbida, sería en réxime de aluguer, señorías–. Parécenos que é imprescindible ir a esta programación de vivendas.

Propoñemos, finalmente, a creación dunha bolsa de vivenda para os mozos, dentro do Instituto Galego da Vivenda e Solo, na que deben participar os concellos a través da Fegamp e as asociacións xuvenís a través do Consello da Xuventude de Galicia. Parécenos que é moi bo implicar as asociacións xuvenís a través dos seus órganos –que os teñen perfectamente organizados– na xestión dun dos principais problemas que lles afectan, que é o acceso á vivenda. Por iso queremos que se cree esta bolsa, para que eles teñan toda a información e sexan tamén copartícipes nesa xestión. Parécenos unha medida certamente avanzada, que se debería tomar en consideración polos resultados positivos que, sen dúbida, tería que ter.

Finalmente cremos, señorías, que hai que utilizar a capacidade normativa dos galegos para intentar resolver un dos principais problemas que temos, como é a accesibilidade á vivenda, e por iso propoñemos que se utilice.

Propoñemos, tamén, señorías, unha serie de resolucións que teñen que ver con favorecer a inclusión social. Por exemplo, un complemento autonómico das pensións como o que teñen establecido noutras comunidades autónomas do Estado español... Que, por certo, teñen pensións medias superiores ás que, desgraciadamente, temos hoxe en día en Galicia, porque temos a pensión media máis baixa de España. Polo tanto, señorías, se hai unha comunidade autónoma en España que teña necesidade de ir a un verdadeiro plan de complemento das pensións autonómico esa é Galicia, para acercar o nivel de renda dos pensionistas e as familias –que o pasan certamente mal– á pensión media que existe no resto de España. Por iso pretendemos, señorías, que haxa un complemento das pensións dos minusválidos, das non contributivas e das de viuvez, para igualalas ás do Estado; o aumento do 5% das prazas no emprego público para discapacitados e un programa de apoio aos inmigrantes. Parécenos que en políticas de inclusión é imprescindible camiñar e reforzar os escasos programas e a escasa capacidade de iniciativa que demostrou o Goberno neste tema con estas iniciativas.

Señorías, a mellora da prestación do sistema sanitario público –máis servizos e menos esperas– parécenos que é absolutamente imprescindible. Temos un reto e temos que asumilo todos como tal reto, porque forma parte dun problema que nos afecta a todos e debe formar parte do compromiso de todos os deputados e de todas as deputadas desta Cámara: insistir na indicación ao Goberno de que este tema se aborde dunha vez por todas. Se temos algo do que podemos sentirnos orgullosos, é o noso sistema de saúde. Polo tanto, señorías, debemos producir todas as iniciativas positivas precisas para que non siga no camiño do deterioro, e un deterioro importante prodúcese polas longas esperas que existen hoxe en día no Sergas.

A redución das listas de espera contemplando prazos máximos de espera no sistema, o incremento dos horarios de atención na asistencia primaria e nas consultas de especialidade, novas prestacións no sistema sanitario público, como a atención integral bucodental gratuíta para nenos de 6 a 16 anos, a universalización da anestesia epidural, a extensión

progresiva da fisioterapia e garantir o dereito real a unha segunda opinión médica, deben ser obxectivos que nos debemos marcar con moita claridade e deben ser para nós, desde logo, decisións que debemos tratar que adopte o propio Executivo.

Señor presidente da Xunta de Galicia, na tarde de onte dixo vostede aquí en contestación a unha afirmación que se fixo desde esta tribuna que as listas de espera do Sergas estaban colgadas na páxina de internet da Xunta de Galicia, e eu dígolle que ninguén ten dereito a enganalo a vostede, e moito menos desde o seu goberno, prégolle que esta tarde lle dea vostede á tecla das listas de espera do Sergas para ver o que sae alí, e despois suba a esta tribuna e díganos se é capaz de afirmar que calquera cidadán galego sabe cal vai ser o seu tempo de espera baseándose na consulta que se fai nesa páxina web da Consellería de Sanidade, señor presidente da Xunta de Galicia. Verá como o enganaron a vostede. E vostede, en consecuencia, enganou a todos os cidadáns do noso país. A todos menos aos que están esperando e lle dan á tecla, porque eles saben que dándolle a esa tecla non ven cal é o seu tempo de espera nin ven cando lles vai tocar ter a súa intervención cirúrxica, señor presidente; por iso é moi duro, escoitalle aquí a vostede, como presidente de todos os galegos, esa afirmación.

Señor presidente, señorías, propoñemos dunha vez por todas que veña a este Parlamento unha lei de apoio ás mulleres vítimas da violencia de xénero. O Grupo Parlamentario Socialista xa a trouxo, pero foi desbotada. Imos insistir ata que exista, señor presidente, porque a consideramos imprescindible, e, por iso, na proposta de resolución correspondente a traemos aquí, cunha serie de propostas –que van nesa dirección de apoio ás mulleres vítimas de violencia– que nos parece que deben estar recollidas a través dun texto legal.

Señor presidente, o señor Touriño, en representación de todos os socialistas galegos, desde hai xa bastante tempo vén propoñendo, como gran materia pendente, a necesidade de acadar neste país un grande acordo polo territorio. Houbo, sen dúbida, acordos importantes na constitución da nosa autonomía, consensos amplos e importantes, pero hai un que falta, que é o do territorio, señor presidente; recordoullo onte a proposta do señor Touriño, e hoxe traémollas aquí como unha proposta de resolución. Entendemos que é imprescindible a creación e a remisión a este Parlamento dunha nova

lei de ordenación do territorio que permita que haxa directrices claras de ordenación territorial, que contemple dúas áreas metropolitanas, tres rexións urbanas e 15 ámbitos supracomarcais. Esa é a nosa proposta, señor presidente, que –non se esqueza vostede– está, ademais, acompañada dunha aposta clara polo consenso e por establecer un grande acordo baseándose no territorio.

Parécenos imprescindible rematar e consolidar unha rede de cidades que termine a cohesión entre as áreas urbanas con autovías, coa implantación de trens rápidos en tres grandes cidades e o transporte de proximidades nas áreas urbanas, o establecemento do billete único, señor presidente da Xunta de Galicia, do transporte público intermodal nas áreas urbanas ou a creación dun fondo público de transporte de viaxeiros. Nós propoñemos –fixémolo xa en distintos orzamentos pasados– que este sexa de 12 millóns de euros, porque nos parece que Galicia non pode permanecer como a única comunidade autónoma do Estado español que non achega nin un só euro para o financiamento do transporte público. Despois fanse por aí declaracións moi rimbombantes, iso si, falando de que vai haber billete único, que vai haber transporte intermodal, pero resulta que a Xunta de Galicia segue sen incluír nos orzamentos nin un só euro para o financiamento e para incentivar a utilización do transporte público na nosa comunidade. Esta é unha cuestión, señorías, que non se pode manter por máis tempo se queremos falar en serio do tema do transporte na nosa terra e se queremos falar en serio do tema da intermodalidade, sobre todo nas áreas urbanas.

Parécenos, señor presidente, que se fai imprescindible tamén a remisión a esta Cámara dunha lei de desenvolvemento rural, cun fondo específico para o desenvolvemento de políticas de converxencia, baseada nun plan estratéxico de desenvolvemento rural, para frear a despoboación e reactivar economicamente estas zonas.

Queremos a creación dun índice de cohesión que se aplique para determinar os investimentos públicos e o establecemento de políticas de cohesión nas rexións e no conxunto do país, señor presidente. Estamos falando do que lle mencionaba na tarde de onte o señor Touriño, da necesidade de que haxa un desenvolvemento harmónico e equilibrado entre a Galicia urbana e a Galicia rural, de que non haxa diferenzas entre cidadáns da nosa terra: esa é a mellor garantía para que non haxa deserción do noso territorio e para que non haxa

provincias enteiras que vaian camiño da súa desertización. Trátase de que se establezan relacións claras de cohesión entre a Galicia urbana e a Galicia rural; e iso, desgraciadamente, hoxe, á altura en que vivimos, só se pode facer, señoras e señores do Goberno, señoras deputadas e señores deputados desta Cámara, a través dunha intervención pública clara e decidida, traballando con índices claros de cohesión social, de cohesión territorial. Aí tamén teñen algo que facer as directrices e o plan de ordenación do territorio que propoñemos.

Propoñemos, señor presidente, unha nova estratexia económica para o noso país, un desenvolvemento sostible da nosa terra. A creación dun instituto galego de finanzas, como instrumento da política de financiamento da Xunta, que controle e coordine a actividade financeira, que preste servizos de axuda e asistencia técnica ás empresas e organismos dependentes, procurando a atracción de investimentos estranxeiros –que boa falta nos fan– e a maior presenza de empresas galegas nos mercados exteriores, señor presidente, parécenos imprescindible. Para iso é para o que queremos este instrumento, non para a creación dun novo *chiriquito* senón para que sexa útil para as empresas, para a Administración e para o conxunto da cidadanía do noso país.

Queremos, señor presidente, que haxa un compromiso claro co medio ambiente na nosa terra, un compromiso claro coa protección dos nosos recursos naturais, que é un activo importante que temos hoxe en día na nosa economía e sobre o que temos que traballar –fáltanos moitísimo que desenvolver– para poder utilizalo como un elemento claro de crecemento na nosa terra. Entendemos que se fai imprescindible a creación dunha axencia de desenvolvemento sostible para o deseño dun plan de protección e xestión sostible das augas do noso país. Hai estudos publicados que lle poñen os pelos de punta a calquera, señor presidente da Xunta de Galicia, que son oficiais, e que falan de como está Galicia, de como está a nosa terra en canto a saneamentos e abastecementos de auga, de como estamos, sobre todo, no tratamento de vertidos. Fundamentalmente, se temos en conta que somos un país que recibimos, como rexión obxectivo número un, unha cantidade importante de Fondos de Cohesión que deberían dedicarse, entre outras cousas, a ese tema, señor presidente; e, sobre todo, se temos en conta os graves condicionantes que pon a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural –que vostedes aprobaron aquí– para as construcións no medio rural.

Se poñemos en relación unha cousa coa outra, señor presidente, facemos imposible que no mundo rural se poida facer nada, salvo que sexa incumprindo a lei que se aprobou neste Parlamento, como mandou o seu novo conselleiro de Política Territorial, señor presidente. Así, sen dúbida que pode facerse todo o que se queira, facendo unha lei para que despois o Goberno incentive que non se cumpra. En calquera caso, aí están as responsabilidades de cadaquén.

Señor presidente, parécenos que a innovación, a internacionalización e a competitividade dos sectores produtivos da nosa terra, a través da posta en marcha de axudas para I+D+I, equipamentos e formación nas tecnoloxías da información e coñecemento; as axudas á creación de empresas de servizos avanzados e ás universidades para a creación de viveiros de empresas; e a reorientación dos fondos estruturais para contribuír a este obxectivo, fanse absolutamente imprescindibles. Xa se facía anos atrás, pero parécenos que porque teñamos perdido uns anos non deberíamos, señor presidente, perder un máis.

Respecto da reforma modernizadora da agricultura na nosa terra, algo disto xa se aprobou no pasado Debate do estado da autonomía, pero, desgraciadamente, está tan incumplido como o resto das cuestións que eu recordei aquí, señor presidente. A posta en marcha dun plan de medidas para a organización e o apoio das actividades produtivas da agricultura tras a reforma da PAC faise imprescindible. O apoio á creación e consolidación dun grupo lácteo na nosa terra, despois dos últimos acontecementos, señores deputados e señoras deputadas, señores do Goberno, faise imprescindible. Faise imprescindible tamén que en Galicia, no mundo rural da nosa terra, os nosos agricultores –polos que ás veces choramos, imaxino que de boa fe– poidan usar os seus electrodomésticos con normalidade e para usar a lavadora non teñan que apagar a luz da cociña, e para poder usar a luz da cociña non teñan que desenganchar a muxidoira; señor presidente, hai que ir a un verdadeiro plan de electrificación rural no noso país, cuestión que de momento non está –parece ser– nos seus obxectivos.

A reforma modernizadora da pesca na nosa terra parécenos un obxectivo imprescindible. Vostede dixo que en pesca tiñamos en Galicia unha gran fichaxe e que a trouxo de Europa. Pasoulle como ao Deportivo con Djalminha, sen

dúbida, claro que si. O Deportivo tamén fixo unha gran fichaxe con Djalminha, pero o resultado trouxo consigo, señor presidente da Xunta de Galicia, que Djalminha non xoga; o Deportivo, afortunadamente, vai ben, pero Djalminha xa non pode nin adestrar cos seus compañeiros. Algo polo estilo lle está pasando a vostede co seu conselleiro de Pesca se temos en conta os resultados prácticos da súa política pesqueira para os pescadores e para a xente que vive do mundo do mar, señor presidente da Xunta de Galicia. Nós propoñémoslle un plan de ordenación e recuperación da pesca artesanal que contemple melloras no sistema de cobertura da Seguridade Social; incentivos para a incorporación da xente moza ao sector –parécenos que o relevo xeracional é imprescindible– e a creación dun fondo de compensación salarial para a inactividade da frota por causas de forza maior ou por outro tipo de paros que teñan que ver coas paradas biolóxicas. A modernización e renovación da frota artesanal, señor presidente, é imprescindible levala a cabo poñendo os recursos precisos para facerlles fronte ás súas consecuencias, o que ata agora non se fixo. Parécenos imprescindible –e non o hai, señor presidente, por moi increíble que pareza, á altura de hoxe– un mapa de usos do litoral. Tamén cremos que é imprescindible a creación de granxas de produción de especies, porque, señor presidente, en Galicia temos que defender a acuicultura e traballar sobre ela; hai que complementala coa rexeneración de especies nos caladoiros galegos –que tamén se pode facer–, hai que investigar nesa dirección, cuestión que non estamos facendo porque a súa capacidade de innovación e iniciativa –están ao seu, a outro tipo de cuestións– brilla pola súa ausencia.

Señor presidente, señorías, parécenos que hai que traballar por desestacionalizar o turismo do noso país. Hai que ter un plan estratéxico de desenvolvemento turístico que sexa eficaz e que sirva para poñer en marcha verdadeiramente as posibilidades que ten a nosa terra. Para desestacionalizar o turismo neste país hai amplas posibilidades, hai que ir á creación de paquetes turísticos asociados a todo tipo de eventos; é necesaria a creación dunha plataforma aeroportuaria, señor presidente, para a conexión directa de Galicia cos grandes operadores turísticos europeos. ¿Que fixeron vostedes para todo isto? Temos unha situación de privilexio, temos tres aeroportos e non temos conexión directa con ningún dos centros de actividade económica importante de Europa hoxe en día, señor presidente –unicamente a través do Porto, que é a única saída que nos queda–.

Señor presidente, propoñemos reforzar a cidadanía, dinamizar a nosa democracia, a reformar da nosa Administración como un servizo de calidade. Galicia Posta@punto 2004-2008 parécenos que se debe facer coa universalización da xanela única e cun plan de choque para aumentar o número de xestións que se poden resolver a través de internet. Estas, señor presidente, serían cuestións que se poderían facer efectivas non coa súa Administración única –que nola veu vendendo aquí hai xa algúns anos e ao final converteuse non xa nunha Administración única, senón nunha Administración duplicada–, senón, señor presidente, facendo que os cidadáns poidan ter unha relación moderna, directa e eficaz coa súa Administración.

Parécenos que hai que ir a unha aposta clara e contundente por unha xustiza de calidade no noso país. Hoxe en día temos xa competencias para poñer en marcha un plan de infraestruturas xudiciais que remate coa política de remendos que se veu facendo ata o de agora, e por iso hai unha resolución importante do Grupo Parlamentario Socialista que se pode poñer en práctica. Trátase de dotar os xulgados de paz dunha correcta rede de equipamentos, para a implantación dos xuízos rápidos e da lei penal do menor; e da creación en todas as sedes xudiciais dunha oficina de atención ao cidadán e de asistencia ás vítimas dos delitos, señor presidente, algo que se está poñendo en marcha en todas as rexións modernas de Europa.

Propoñemos, señor presidente, por último, un plan de seguridade vial. Nunha comunidade autónoma que ten a sangría de mortes por accidentes de tráfico que ten a nosa, parécenos imprescindible que se poña en marcha este plan de seguridade vial. Verán vostedes, se lle botan unha ollada –eu non llelo vou explicar porque non teño tempo, pero téñeno vostedes á súa disposición–, que é un plan que necesita o país e que llelo debemos, sobre todo, aos miles de vítimas que nos últimos anos se veñen producindo nas estradas galegas, o que fai que os seguros na nosa terra sexan os máis caros de España, señorías.

Señorías, en política de peaxes parécenos que hai que, dunha vez por todas, establecer unha negociación, señor presidente da Xunta de Galicia, co Goberno de España e coa nova empresa concesionaria, para liberar de peaxe as dúas grandes áreas urbanas da Coruña e de Vigo e que non teñamos que pagar esa liberación os galegos –que non nos tomen

o pelo por máis tempo, señor presidente da Xunta de Galicia—.

Propoñemos a eliminación da subida do canon de Sogama, en tanto non se presente un estudo financeiro desa empresa e en tanto non se lle presente á federación de concellos galegos e non se estableza un marco de negociación sobre o modelo de xestión da propia empresa, señor presidente. Parécenos o máis lóxico e o máis razoable que os grandes clientes de Sogama participen no seu consello de administración, que teñan toda a información sobre o modelo de xestión e sobre o estado de xestión financeira desa empresa; a partir de aí falaremos, señor presidente, dos incrementos, cuestión á que nós non nos negamos, pero sen dúbida que nos negamos a que o Goberno galego, maioritario nesa empresa, imponha por decreto un novo imposto.

Señor presidente, propoñemos este ano tamén, porque novamente somos marxinados, que vostede negocie co presidente do Goberno central —do Goberno amigo que vostede di— para que inclúa, nos presupostos do ano 2004, os máis de 400 millóns de euros que nos deben pola media que nos corresponde segundo as previsións dos orzamentos do Estado; nin máis nin menos. Queremos que os invistan no noso país, que os traian nos presupostos do ano 2004 —que boa falta nos fan para infraestruturas na nosa terra—, señor presidente e iso teno que facer vostede en negociación —propoñemos— co presidente do Goberno central. Non queremos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ:... —remato, señor presidente— trato mellor, queremos trato exactamente igual.

Señor presidente, permítame dous segundos, se fai o favor. Trátase, señor presidente, de que vostedes non poden cargarlles ás familias galegas a mala ou nefasta xestión no Sergas, na Consellería de Sanidade. Non llela poden cargar tampouco ás nosas empresas, non pode ser limitada a competitividade das nosas empresas pola falla de capacidade de xestión, no gasto farmacéutico e noutro tipo de gastos, do seu conselleiro de Sanidade ou do Goberno no seu conxunto. Por iso preferimos que se suprima a aplicación en tanto non haxa un estudo sobre a situación financeira e as razóns polas que se produce na súa Consellería de Sanidade, e a partir de aí falaremos de se é necesario ou non mellorar a

xestión desa consellería, e se se pode ou non gravar a capacidade das nosas empresas e gravar a capacidade, tamén, das familias do noso país co imposto de carburantes. Señor presidente, parécenos que antes diso hai moitas cousas que facer.

Remato, señor presidente, cunha proposta que non é nova, e sobre a que este Parlamento xa deu pasos. Ten que ver co número de propostas que presentamos os socialistas galegos, pero ten que ver tamén con outras propostas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ: ... —remato, señor presidente— que foron aprobadas no debate pasado, como a proposta relacionada coa apertura dun proceso de avaliación, mellora e afondamento do autogoberno de Galicia.

Parécenos conveniente, señor presidente, a creación dunha comisión onde participen todos os grupos parlamentarios —e onde participen expertos, se se considera necesario— para institucionalizar a presenza de Galicia na Unión Europea, para desenvolver a posición da Comunidade Autónoma como parte do Estado a través da reforma do Senado e da institucionalización da Conferencia de Presidentes Autonómicos, e para desenvolver ao máximo as competencias estatutarias da Xunta de Galicia. Señor presidente, a min paréceme que Galicia está, neste momento, nunha situación privilexiada para abrir ese proceso e para facer, ademais, a través desa apertura, unha achega que non soamente é importante para Galicia e para os galegos, senón que é decisiva para enriquecer o proxecto da España plural, da que os socialistas nos sentimos orgullosos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, temos que confesar que subimos a esta tribuna con escasa convicción neste trámite. Tería algún sentido se realmente as propostas de resolución aprobadas significaran algo, cualitativamente falando, para mar-

car o proceder do Executivo; de non ser así, este trámite convértese nun acto de esgrima política de salón, sen vinculación coa realidade. Somos conscientes de que se trata de iniciativas de impulso que non son vinculantes, pero resulta evidente que se de 16 propostas do BNG aprobadas no pasado debate, a maioría –practicamente todas, agás unha– non produciu resultados satisfactorios, e ao máximo que podemos aspirar é a que a Xunta e o presidente se convertan no mozo dos recados que envía fotocopias das propostas de resolución, é inútil este debate. Aínda así, nós cumprimos coa nosa responsabilidade, como primeiro grupo da oposición. Se o Executivo declina as súas, alá el. Por iso, unha das nosas propostas de resolución vai dirixida a que a actividade, as iniciativas e os acordos deste Parlamento sexan cumpridos polo Executivo galego. Notarían onte no debate producido que as nosas propostas de resolución reflicten un comportamento invertido do que debería ser a dialéctica política neste Parlamento, é un feito recorrente: cabería esperar que, despois dun balance-diagnóstico realista da situación, as alternativas, as propostas e as ideas xurdiran do grupo maioritario, do grupo que goberna e do seu presidente; e que a oposición exercera o control, a corrección e a crítica. Pois ben, vexan que, reproducindo un comportamento que vén sendo habitual nesta Cámara: o BNG nas propostas de resolución representa a tese no debate político, é dicir, as propostas, as ideas, as alternativas, os vectores, para modificar e mellorar a situación actual. Recorrentemente, o PP, a Xunta e o presidente son a antítese, a negación e a cerrazón; iso si, adobiado todo cun triunfalismo propagandístico. Agardamos que, cando menos, superen o seu comportamento de anos anteriores e, sobre todo, do último debate. Se hoxe se chega á síntese a partir da tese e da antítese, que o Executivo cumpra os acordos deste Parlamento.

É un lugar común actuante hoxe no mundo do *software* que a información se transmite comprimida para ocupar menos espazo informático. Pois ben, o exercicio político anual que hoxe estamos avaliando e que motiva as nosas propostas de resolución, se se sometese ao descompilador adecuado, reflectiría meridianamente as eivas fundamentais do exercicio do poder na era Fraga, como onte evidenciou o noso portavoz. Avaliamos un ano, un ano que ten todas as características das eivas fundamentais do Goberno dos catorce anos que o señor presidente Fraga leva ao mando da Xunta de Galiza. Non se trata de discutir se fixeron ou non cousas; no último exercicio, os orzamentos foron de máis

dun billón das antigas pesetas, e, ao longo dos catorce anos, foron de máis de doce billóns. Está claro que se fixeron cousas, pero hai que avaliar para saber se un goberno respondeu aos seus retos e ás variables políticas significativas, e, sobre esa soleira, articular as propostas de resolución. Esas variables significativas nas que vostedes evidencian as súas carencias e que motivan as nosas propostas de resolución, poderíamos reducilas analiticamente a catro: actitude, xestión, compromiso e valores.

Empecemos, pois, pola nai de todas as nosas propostas de resolución, unha característica que está implícita ou explícita en practicamente todas as que propoñemos: a necesidade dun cambio de actitude do Executivo e do presidente. Máis que dun cambio de actitude, o que fai falla é que teñan unha actitude por si mesmos, que teñan actividade neuronal propia, que non sexa un sistema nervioso vexetativo funcionando a impulsos reflexos. Neste ano, de xeito patente, a súa actitude, que nós pretendemos superar e cambiar coas propostas de resolución, foi exasperantemente indolente.

Recórrese frecuentemente a xustificar como imputables ao factor humano, entre outras cousas, os comportamentos inexplicábeis, non só en cuestións menores, senón nalgúns de relevancia na historia da humanidade, mesmo traizóns notábeis. Con ese recurso búscase unha interpretación a acontecementos nos que os seres humanos teñen un comportamento non esperábel, que se move máis no terreo dos instintos, das ambicións, das perversións ou das paixóns que nas reaccións racionais e dentro dos valores da ética e da dignidade humana. Así se explica, como debida ao factor humano da ambición, a traizón de Sinón ao colaborar para introducir o cabalo en Troia; e mesmo a falta de consideración do factor humano foi o que levou aos servizos secretos británicos, na novela do mesmo nome de Graham Greene, a asasinar o traidor equivocado, ao non contar co factor humano que motivara a traizón de Maurice Caster.

Pois ben, a unha actitude tan abandonista como a da Xunta e a do presidente só podemos atoparlle explicación na existencia do factor humano. Cando se declina de xeito tan flagrante o exercicio das responsabilidades propias e que deberían esperarse de tal cargo, do presidente da Xunta e da propia Xunta, só pode existir unha explicación no territorio do factor humano: non sei se as ambicións, os instintos atá-

vicos ancestrais ou a busca da xubilación honrosa outorgada polo amo e señor forano.

¿Como é posible que ante o ocorrido no derradeiro ano e o trato recibido por Galiza no aspecto político, social e económico, non haxa ningún tipo de resorte que se mova? ¿Como é posible que, ante as máis de 15 leis que invaden ámbitos de decisión galegos, non haxa ningún tipo de actividade? ¿Como é posible que, ante o comportamento producido aínda hai pouco no trato orzamentario por parte do Goberno do Estado, sigamos aplaudindo? ¿Como é posible que, ante o cadro que rigorosamente diagnosticamos onte aquí, referido ao emprego, á demografía, aos sectores produtivos e aos sinais de identidade, o presidente da Xunta de Galicia siga botando foguetes, contento cun discurso triunfalista, e actuando de baluarte mimético e botafumeiro acríptico do poder central?

Non lle pedimos estridencias, señor presidente, nas nosas propostas de resolución; pedímoslle compromiso con este país e unha actitude de dignidade. Vostedes seguen pretendendo que Galiza funcione por pulsións e intereses que se sitúan nun horizonte non propio. Carecemos de Executivo e, por desgraza, pola súa condición de voto, tamén de actividade neste Parlamento que teña iniciativa propia no debate actual que se está a producir hoxe no Estado. Ante o escenario político que se está a vivir aquí, no Estado e en Europa, Galiza precisa ter iniciativa propia, alento, síntomas de vida nos seus órganos vitais; e non perdamos de vista que os órganos vitais son o presidente, a Xunta e o Parlamento, no ámbito institucional, e, por suposto, a sociedade, que si dá mostras de vida.

Nas propostas de resolución que nós ofrecemos neste terreo están os compromisos, os vectores, os sinais que marcan o camiño. Necesitamos xa os cambios políticos para exercer as competencias exclusivas ou plenas, necesitamos articular e darlle contido ás competencias pendentes. A defensa do poder político galego é un compromiso que debemos ter os que estamos aquí, non só coa nosa historia, cos nosos antepasados, e co noso futuro, senón cos homes e mulleres deste país, hoxe. Os que acreditamos no noso potencial temos claro que o exercicio acaído do poder político e cos instrumentos pertinentes redundaría non só na potenciación de Galiza como nación política no Estado e no mundo, senón nas condicións de vida da xente, na valoriza-

ción dos nosos sectores produtivos, na defensa das nosas costas, no estado de benestar, na mellora da seguridade marítima, no aproveitamento para un modelo de acumulación propio dos sectores produtivos. Por iso é fundamental, señoras deputadas e señores deputados, o cambio de actitude que significa reclamar, no plano da política, o que nos é necesario. Aí teñen propostas como articular os mecanismos que permiten asegurar que Galiza conte con posición propia no debate que se está a producir sobre a vixencia do marco actual e as súas posibles modificacións. Fagámolo, ademais, desde este Parlamento, e non en función do factor humano “fraguista” —que, contraditoriamente, só en aparencia, opina unha cousa fóra e practica outra aquí—, senón coa actitude que cabe esperar dos representantes da sociedade galega, que somos todos e todas os que estamos aquí.

Analicemos a realidade do país, fagamos balance e fixemos cales deben ser as propostas políticas e de exercicio do poder que precisamos, e, logo, deámoslle forma á posición política galega nas reformas que precisa o marco actual estatutario e constitucional. É dicir, invertamos o proceso, non mediaticemos o debate por claves importadas ou polas necesidades involucionistas do PP no nivel estatal, situemos o debate sen apriorismos dogmáticos nin sacralizacións inmutables da situación actual en Galiza. Desde Galiza para o Estado, para Europa e para o mundo, ese debe ser o itinerario. Elaboremos unha proposta propia e participemos, desde o compromiso ao que nos debemos, no debate que se está a producir; non partamos do *a priori* de que a Galiza lle vai ben co que se decide fóra, non permitamos que Galiza quede fóra. Hoxe mesmo, comunidades que non teñen o rango constitucional de nacionalidades históricas están tentando terzar no debate, e Galiza, mediatizada pola actividade e pola actitude do seu presidente, está presta a seguir desvalorizando o seu rango político.

Por certo, señor presidente, para esa viaxe non lle fai falta a vostede que distorsione e edulcore o seu papel na historia e na transición. Non quero escarvar na ferida, porque estamos defendendo e sustentando as nosas propostas de resolución, pero voules dar simplemente un dato para que reflexionen as súas señorías. A Constitución —todos o sabemos— foi un produto da conxuntura política, e todos os poderes relevantes e fácticos do momento participaron na súa elaboración: socialistas, comunistas, os nacionalistas máis fortes daquel entón —desde logo, Galiza non—, os reformistas do

réxime anterior e os franquistas. Que cada un adscriba os ponentes a un poder fáctico e acertará, con toda seguridade, o papel que tiña asignado o ponente Fraga, e que, por certo, cumpriu escrupulosamente, como parece que segue a cumprir na actualidade.

En definitiva, señoras deputadas e señores deputados, invertamos a dialéctica política, que sempre operou con vostedes no poder, elaborem e participemos, e aí teñen as posibilidades, nas propostas de resolución do Bloque Nacionalista Galego, coa nosa posición e non como peóns e escudeiros dirixidos desde fóra. Nós pensamos que non debemos ser, no debate que se está producindo, un baluarte do uniformismo e inmovilismo. Non nos serve no contexto actual sequera dicir que algo debe cambiar para que todo siga igual. Desviar a atención ao accesorio, ao anecdótico, non é a perspectiva política na que está o Bloque Nacionalista Galego. Existe un problema político pendente e non administrativo, e ese problema hai que empezarlle a debatelos neste Parlamento e darlle unha solución.

Precisamente, nese terreo de configurar unha posición galega cunha actitude de dignidade nas institucións do noso país, van as propostas de resolución no plano político, que se estenden desde as competencias que necesitamos a como se deben exercer, pasando, desde logo, pola presenza nos foros onde se debaten os nosos intereses e —¿como non?— por articular unha posición de futuro no debate da reforma do marco actual.

Son todo un síntoma da posición entreguista do presidente as súas confesións onte sobre a presenza de Galiza en Europa, señor presidente, no marco da nova constitución. As súas aspiracións —fixense vostedes— sitúanse en que no último protocolo —non na parte dispositiva, senón no último protocolo dos catro que contempla o texto xurdido da convención— se recolla algunha alusión retórica que incrementa o papel do Comité das Rexións ou a referencia aos parlamentos autónomos. É dicir, no protocolo no que se fala do principio de subsidiariedade e proporcionalidade, que equipara o Comité das Rexións cun concello ou as nacións que teñen competencias lexislativas con rexións territoriais, aí é onde vostedes queren contemplar algún aspecto máis do que xa di ese tratado. Temos que reflexionar sobre que o Comité das Rexións non é ningún órgano institucional na próxima Unión Europea, non está contemplado na parte dispositiva.

Non obstante, nós propoñémoslles unha proposta de resolución que si contempla a elaboración neste Parlamento dunha proposta que pensamos que é elemental para o país: que no tramo dispositivo, no que é propiamente Constitución da Unión Europea —na que se fai referencia aos estados e aos cidadáns—, se recolla tamén a presenza institucional das nacións que teñen competencias lexislativas, nin máis nin menos. Iso é o que nós pretendemos no ámbito da Constitución europea, e formulámolo nunha proposta de resolución. Acepten esa proposta de resolución que, claramente, significa traballar para que Galiza teña un marco para defender, tamén en Europa, o seu rango competencial.

Así pois, coas modificacións pertinentes no marco político, con ese cambio de actitude que lles reclamamos e que se traduce nas nosas propostas de resolución, xunto coa xestión acaída, serían quen de liberar a enerxía potencial existente na base material e humana de Galiza para producir unha transformación positiva.

Xa o oíron onte, os problemas de Galiza están na xestión política, non no seu potencial económico e cultural. Diciña Castelao, metaforicamente, en tempos: “Galiza ten hoxe unha forza vital capaz de conducila a todos os delirios de grandeza”. Niso acreditamos os nacionalistas do Bloque Nacionalista Galego; o que pensamos é que, efectivamente, coa xestión acaída, ese potencial débese liberar. E aí entramos no segundo aspecto ao que me quería referir ao principio, o da xestión política que as nosas propostas de resolución pretenden corrixir, a xestión que se está a facer desde a Xunta e a súa Presidencia.

A súa xestión, señor presidente, sitúase no terreo administrativo e non no terreo da política. Onte vostede fixo un recoñecemento pateticamente claro cun exemplo ao referirse ao ensino. Dixo vostede que nós administramos o cento por cento dos recursos do ensino, temos competencias exclusivas porque administramos o cento por cento dos recursos; pero a LOXSE, a LOU, a LOCE, os deseños curriculares e o deseño do modelo educativo non o decidimos nós. ¿Que é preferible, pagar os profesores, pagar a calefacción, pagar os ordenadores, decidir onde se fan os centros de ensino ou ter a tixola polo mango e articular o deseño educativo que se quere? Se temos competencias exclusivas deberíamos abranguer os dous aspectos, señor Fraga, e iso, desde logo, evidencia que vostedes teñen unha concepción da xestión absolutamente

administrativa e non claramente situada no terreo da política. Iso prodúcese porque non acreditan no país; e fano non só cando importan argumentos recorrentes e falaces para evidenciar a solidariedade doutros territorios con Galiza, ou mesmo –como lles demostramos onte– cando nos sorprenden con asertos que esquecen o intercambio desigual e a apropiación de excedentes ou recursos diversos, senón, mesmo, cando avaliando equívoca e interesadamente os mecanismos contables, fiscais e tributarios, critican as propostas de profundamento na autonomía financeira porque din que a Galiza lle vai ben coa situación actual.

Traizóao a vostede o subconsciente, porque esa posición nin sequera a circunscriben a un marco temporal, que se pode superar. Vostedes, ademais de utilizar perversamente e aceptar acriticamente a análise contable actual, sobre todo, non pensan que, no futuro, Galiza terá potencial suficiente non só para superar as diferenzas nos indicadores básicos con outros territorios, senón mesmo para ser, coa contabilidade torticeira que vostedes utilizan, contribuidores netos.

Inverter a solidariedade. Efectivamente, quen non acredita no potencial do país defende un modelo de xestión rutineiro e considera –aínda que se diga o contrario– que esta situación é inmutable. Galiza non dá para máis. Foi paradigmático desa concepción o anuncio que vostede fixo onte, señor Fraga: o Produto Interior Bruto, a renda *per capita* e os indicadores de emprego empezarán a ter reducións significativas coa media do contorno no ano 2015; ademais, facendo promesas que nos seus discursos iniciais do ano 1990 circunscribía a mediados dos anos noventa. Esa é a súa concepción do potencial que hai no noso país. Con esa idea, efectivamente, só se pode aspirar a administrar recursos para manterse no poder e nada máis.

Nós queremos superar ese modelo de xestión. Non nos resignamos a ser permanentemente rexión obxectivo número un por unha deficiente xestión dos fondos europeos, cando temos potencial para outra cousa; e propoñemos resolucións nesa dirección. Non nos resignamos tampouco a que a nosa demografía non corrixa e siga recorrentemente presentando un horizonte incerto para a existencia de Galiza como pobo de galegos e galegas; e presentamos propostas de resolución nesa dirección. Non nos resignamos, señoras deputadas e señores deputados, a que teñamos que buscar sempre en Europa as nosas taxas de emprego, precariedade

e sinistralidade nos primeiros lugares por abaixo; a que se siga producindo a emigración de mozos e mozas na actualidade; a que o ensino público se converta, paseniñamente, nun ensino marxinal; a que as listas de espera sexan unha praga que está a dividir a sociedade en dúas clases de persoas: as que padecen e as que teñen medios, influencias e mecanismos para saltalas; a que traduzan mimeticamente o modelo de benestar social que defende o PP no Estado e que introduce o lucro e o negocio no territorio dos servizos sociais e da saúde; non nos resignamos a que o noso idioma siga perdendo falantes e usos cunha clara complicidade da Administración.

Falaba onte o señor Fraga, nunha das súas escasas pinceladas non triunfalistas, da crise no sector do libro galego –por suposto, sen aceptar ningunha responsabilidade no asunto–. ¿Non pensa vostede, señor Fraga, que a crise do sector do libro galego ten moito que ver coa saúde do noso idioma e cos lectores que existen nese idioma? Aí hai responsabilidades que hai que corrixir.

Non nos resignamos a que os nosos sectores produtivos estratéxicos e básicos sigan perdendo potencia e emprego e estean sometidos aos vaivéns de intereses alleos de transnacionais, con complicidade e parálise do poder do Executivo galego; a que as políticas de igualdade real da muller co home se movan coa lentitude exasperante da tartaruga; a ter un raquítico sector industrial que non completa os ciclos produtivos, nin aproveita acaidamente as vantaxes comparativas; a considerar que no noso país non haxa potencial innovador, investigador e creativo como para que, coa xestión acaída, puidésemos deseñar un modelo propio e en beneficio da colectividade, e incardinar a sociedade das novas tecnoloxías e innovación, sobre todo para completar os ciclos produtivos; a permitir un deterioramento paulatino dun medio ambiente natural como o galego, tan diverso, tan rico e tan relevante –hai que ordenar o territorio e facelo desde o país–.

Non nos resignamos, en definitiva, a que Galiza siga sendo moeda de cambio por unha xestión negligente da Xunta, confiamos en que debería converterse nun valor de uso. Se vostedes non saben como facelo, aproben as propostas de resolución que fan referencia a todos estes sectores, aproben as directrices e orientacións contidas nelas, e corrixamos, falando en termos de gobernar, iso ao que se refería onte o señor presidente da Xunta: a derrota.

Saben vostedes que somos nacionalistas, pero teñan por seguro que a confianza no enorme potencial que se acubilla na nosa base material, nas nosas xentes, non nace en que teñamos a cabeza, o corazón e os pés en Galiza –que tamén–, senón dunha análise rigorosa da nosa historia, da situación actual, do papel estrutural que cumpriu –e cumpre– Galiza; e teñen vostedes indicadores claros nas propostas de resolución para corrixir o rumbo dos acontecementos.

Falemos do compromiso. Este ano, se algo quedou meridianamente claro é que o compromiso con Galiza é máis ben escaso e ocupa un lugar máis ben residual na súa xerarquía de valores: está supeditado sempre ás decisións que se toman fóra; e fíxense que digo “sempre”, porque xa podían dar unha de cal e outra de area. Para vostedes, das decisións políticas comprometidas con Galiza, as de cal, practicamente non existen, todas foron de *arenas*, como o secretario xeral do Partido Popular. O *Prestige* e a súa xestión da catástrofe deixou –e está a deixar– ao descuberto o seu escaso compromiso co país. O territorio no que se moveron foi o da propaganda mareante. Os vapores mareantes que se producían no contorno do Templo de Apolo foron instrumentalizados polo poder, polo sistema de entón, para difundir predicións propagandísticas; así se popularizaron historicamente as predicións instrumentais de pitonisa, o oráculo de Delfos. Pois ben, os vapores do petróleo tamén tentaron ser utilizados –e aínda son hoxe utilizados– polo poder de hoxe para producir predicións propagandísticas instrumentais, que deixaron ao descuberto o seu escaso compromiso co país; e xurdiron neste ano os oráculos do chapapote: Rajoy, Cascos, De Mesa, Fraga, López Veiga, Del Álamo e tantos outros convertéronse en pitonisos aterradores, porque cada anuncio propagandístico que facían anunciaba que algo gordo no sentido contrario ía ocorrer. Non pasaba nada, e saben vostedes o que pasou; non había marea, ¿e saben cantas houbo?; cando o barco estaba a 60 millas, o peor estaba por chegar; cando os mariñeiros limpaban coas súas mans, había medios; cando as praias estaban inzadas de chapapote, estaban esplendorosas; cando o chapapote xurdía do fondo do mar, estaba converténdose en *adoquins*; o barco estaba no “quinto pino”; a marea non chegaría ás Rías Baixas. Máis de 100 predicións propagandísticas e falsas contabiliceis na preparación deste debate; contraditas, desde logo, polos feitos.

No día de hoxe, nós queremos que se produza un compromiso co país; como di Marina: mentir, pódese mentir de

mil maneiras; a verdade é única. Ben, señoras deputadas e señores deputados, a verdade hoxe, e para o futuro, é que os afectados aínda teñen un horizonte incerto; a avaliación real está sen facer e moito tememos que vostedes estean esperando a que se saiban os recursos que imos recibir para axustar a avaliación a eles. Non hai medios e competencias para efectivizar que o *Prestige*, que non foi o primeiro petroleiro sinistrado fronte ás costas galegas, polo menos sexa o último. Tampouco se ven recursos para compensar o dano, recuperar o ecosistema e rescatar a situación que padece a costa galega, e, desde logo, o custo cero brilla pola súa ausencia.

Teñen vostedes propostas de resolución que representan o compromiso real e efectivo co país para o futuro, para os afectados, para o medio ambiente, para a seguranza, para as competencias e, desde logo, para reclamar o que, en xustiza, nos corresponde. Xa está ben de ser vostedes os trampeiros que nos venden os abalorios que fabrican noutras factorías. O seu compromiso é con este pobo, señores da Xunta, señor presidente, e se os orzamentos do Estado están moi lonxe dos que nos corresponderían, non xa por poboación, senón polos propios compromisos anunciados polo Goberno central, hai que dicilo, non hai que aplaudirles; non sigan producindo valoracións mareantes e pónanlles, dunha vez por todas, por fin, final aos oráculos do chapapote.

Se queren mirar para o futuro, invertan a xerarquía de valores, coloquen a Galiza no primeiro posto do *hit parade* e aproben as propostas de resolución que representan facer do *Prestige* un inicio do punto final. A recentemente galaradada –e digo tamén sorprendentemente, porque competía cos voluntarios que traballaron no noso país– co Premio Príncipe de Asturias da Concordia ten dito, a través dos seus personaxes, que as persoas, os homes, coñécense polas súas eleccións.

Señoras deputadas e señores deputados, señor presidente da Xunta, o Partido Popular elixiu, desde logo, non colocar a Galiza no primeiro lugar do seu compromiso, e iso hai que modificalo. Hai un deseño alternativo nas propostas de resolución do Bloque, da Galiza posible, con outra actitude no Goberno, coa xestión acaída, co compromiso necesario e coa plasmación do marco político que o posibilite.

E remato cunha alusión aos valores –como dixen inicialmente– que moven a acción da Xunta e do seu presidente

—permítame un minuto, señor presidente—. Este ano ocorren en Galicia e no mundo acontecementos para estremecer as consciencias das persoas con sentimentos e compromisos co país, pero, sobre todo, para evidenciar sobre que valores se asentan os proxectos políticos; o noso aséntase sobre o da ética política, o pacifismo, a defensa da igualdade e o respecto mutuo entre as persoas e pobos, a democracia e a tolerancia. Gerturde Bell, muller pioneira nalgúns dos seus comportamentos vitais —aínda que nada sospeitosa de nacionalista, xa que participou co imperialismo británico na súa expansión en Oriente—, escribiu que a tolerancia xurdía da diversidade e non do...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL:... uniformismo. Ese é o noso territorio dos valores, e circunscribímolos a un marco referencial político concreto, sobre o que queremos edificar e co que queremos participar no Estado, en Europa e no mundo; ese marco referencial é Galiza.

En non poucas ocasións —e si que remato xa, señor presidente— neste ano, tivemos a sensación nesta Cámara, de que o Goberno galego e o partido que o sustenta preferiron moverse no territorio do éter propagandístico para anestesiar parte das consciencias e da capacidade crítica dos cidadáns; mesmo cando o que estaba en xogo eran eses valores da ética política que foi construíndo a racionalidade humana. Percibimos en ocasións que eses valores se postergaban ante a instrumentalización do poder e a prevalencia da lei da selva. Se realmente non se ten o corazón de pedra e se conta cun mínimo de sensibilidade intelectual, de apego a Galicia e respecto aos seus cidadáns, o ocorrido este ano debería servir para facer unha reflexión, un punto e á parte, e saír da rutina ou do continuísmo, ou, se queren, da rutina continuista; iso é o que pretenden as nosas propostas de resolución.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, o señor presidente da Xunta de Galicia situou onte o debate no comezo dunha nova era. Efectivamente, é a situación correcta, o punto de partida real e a única forma de poder achegar, desde unha visión realista, as solucións que demanda esta definición de nova era; con novas e enormes esixencias por parte da cidadanía, e novas demandas de alcance e de calado.

Señor presidente, algúns grupos parlamentarios, en vez de situarse neste punto de partida, acaban de situarse, no caso dos socialistas, moito máis cerca do pasado, de historias antigas, de contos trasnoitados, que de situacións reais que nos afecten e preocupen. Son propostas antigas, explicadas moi rápido, recollidas de debates anteriores, de hai anos e anos, pero esperadas, porque, efectivamente, co discurso do líder socialista onte, sen propostas, sen proxecto e sen ideas renovadoras, non pode haber unha réplica doutro xeito.

Fronte a ese comezo dunha nova era, señor presidente, os nacionalistas acaban de trasladarlle á Cámara pesimismo interno propio do seu partido e dos tempos que están a vivir no seu partido. Ese pesimismo, señor presidente, é un pesimismo nacionalista, que vén das dificultades, das disputas e das liortas do partido, non é o talante dos galegos, non é o sentimento das galegas e dos galegos deste país. Polo tanto, o primeiro que debe facer un grupo parlamentario nun debate de política xeral é dicir que non a ese pesimismo particular e propio de vostedes. Hai que dicir, ademais, que nos sorprende enormemente que os nacionalistas presentaran dous discursos distintos: o discurso de Beiras de onte non valía, porque Suárez Canal hoxe emendoulle a *plana* con outro tan baleiro e tan crítico coma o seu, pero moito máis pesimista. E, se me permite, ¿sabe o que lle quero dicir? Dentro diso, a min gustoume máis o do señor Beiras porque, aínda que non dixo gran cousa, hai que reconecer que di as cousas moito mellor que a súa señoría. Agora ben, nin veñan con pesismos particulares para entreter esta Cámara con asuntos propios do seu partido nin escenifiquen aquí unha bicefalia; señor Suárez Canal, espere a que o señor Beiras, dentro duns días, marche, e despois escenifique o que vostede queira.

Paréceme, señor presidente, que o punto de partida político sobre o que se está a desenvolver este debate —e isto é moi importante— é un bo punto de partida. Hai estabilidade

outro obxectivo máis que o cidadán medio do noso país; o que ten e o que non ten, o que nos vota, señor Suárez Canal, e o que non nos vota. E eses círculos son o da xeración de riqueza e o da calidade de vida, que ao longo do desenvolvemento do labor do Partido Popular no Goberno de Galicia foron, unhas veces máis cerca do centro e outras veces menos, alternándose un co outro. Agora ben, señor Suárez Canal, son 70 propostas homoxéneas, coordinadas e realistas, que están neses círculos, que non están nin desamañadas nin están postas en escenarios que non se corresponden coa realidade que vemos xusto cando saímos desta porta. No círculo da riqueza están as propostas de emprego, de industria, de fiscalidade, de infraestruturas, de agricultura, de pesca e outras moitas máis; no círculo da calidade de vida imos explicar as de medio ambiente, as de integración social, as de educación, sanidade e outras moitas sobre unha base institucional e política.

Queremos, señor presidente –e así van numeradas como primeira e segunda–, dúas propostas de resolución, que non é que sexan nin máis nin menos importantes que as demais, pero que son claves para simplificar este debate. Queremos avanzar no autogoberno e, fronte aos discursos de salón, fronte aos discursos que recuperan antigas ideas que parece que algúns queren transplantar aquí, estamos facendo propostas reais. Se lle pedimos a un cidadán que identifique qué capacidade de decisión ten hoxe Galicia –Galicia con maiúsculas, non só o Goberno, senón todos nós–, diría que estamos a un altísimo nivel de capacidade de decisión; podemos discutir entre nós, podemos ter moitas diferenzas entre nós pero, señores da oposición, temos unha gran capacidade de interlocución con outras institucións e con outros estamentos. Por iso, queremos esgotar a transferencia de competencias, queremos novos traspasos. Velaí, señores da oposición, un exercicio práctico, concreto, de rematar un proceso de consolidación do autogoberno, que está normalmente avanzado, desde unha posición constitucional e estatutaria, sen posicións estrañas; coa posición estatutaria e constitucional pode conseguirse unha situación plenamente satisfactoria.

Tamén se referiron á Unión Europea as súas señorías da oposición dunha forma un tanto embarullada. Hai unha proposta –a número 8– da maioría parlamentaria sobre esta cuestión. O presidente Fraga, no discurso de onte, compartía coa Cámara dúas entrevistas que tivo hai poucos días con Romano Prodi e co comisario responsable de política rexio-

nal, Michael Barnier, a respecto dos cartos que van achegarnos; e dicía que tiña a confirmación expresa deste comisario de que Galicia ía seguir contando con fondos estruturais, de que ían seguir chegando cartos neste proceso de transición ao crecemento de Europa. Era unha das mellores noticias que Galicia podería escoitar, porque, efectivamente, Galicia está nunha posición enormemente vantaxosa a respecto de como estabamos hai uns anos –non estamos nin cos déficits nin coas carencias que había hai dez ou quince anos–, pero non nos negarán que, como dicía o señor presidente onte, é moito máis fácil pasar a ese estadio no que estamos dunha Europa máis numerosa e ampla, tendo eses fondos garantidos. Coa nosa proposta de resolución, señor Suárez Canal, queremos reafirmar ese compromiso anunciado polo presidente e confirmado polo comisario, para que Galicia nos próximos anos siga recibindo Fondos de Cohesión, como di a proposta, e para que, no actual debate sobre a próxima reforma da política rexional, se realicen todas as xestións posibles co fin de que Galicia siga recibindo fondos estruturais a partir do 2006, despois da ampliación da Unión Europea.

Estas son políticas de realidade, e tradúcense en emprego, en infraestruturas e en calidade de vida; este si que é un círculo de xeración de riqueza real e realista. ¿Por que rimos do papel do Comité das Rexións? Diranme vostedes: Non rimos, rin os nacionalistas. Claro, os nacionalistas rin de Europa, polo tanto, se rin de Europa... Ben, todos menos un, que está alí, ese ría doutras cousas estes días. Facer bromas coas capacidades que poida ter este Parlamento –como figura nunha das propostas de resolución– de opinar e de intervir no que lle poida afectar en determinadas instancias europeas paréceme absolutamente inaceptable e –insisto– máis propio dun discurso dos anos setenta que dun discurso dos novos tempos en que estamos. Consultar un Comité das Rexións, onde nós temos capacidade de opinar sobre asuntos importantes, como políticas pesqueiras ou agrarias, é outra das nosas propostas; por suposto, que todo o que sexa de interese rexional ou local estea ao alcance incluso, señor Suárez Canal, señor Rego, deste Parlamento.

En calquera caso, señor presidente, o círculo de xeración de riqueza non estaría pechado se non tivéssemos unha clara política de apoio á empresa. Paréceme que este Goberno acaba de entregarse co apoio á empresa, e non só á empresa como sociedade anónima ou limitada, senón a todas as fôr-

política, e isto é un valor clave na vida e no desenvolvemento dos pobos; estamos a ver exemplos todos os días de como, cando se quebra a estabilidade política, se veñen abaixo as institucións, os estamentos, as políticas programadas que parecía que ían ter éxito. Pode dicirse que a estabilidade política que vivimos en Galicia é sinónimo de prosperidade, porque os datos económicos que onte saíran aquí, e que non foron refutados na súa axencia: produto interior, crecemento neto do emprego, calidade do desemprego, acceso á vivenda, permiten acreditar que é certo que a estabilidade política se traduce en prosperidade.

Señor presidente, a continuidade na acción do Goberno que está vivindo Galicia tamén está significando que podemos dicir que é certo que hai planificación, que hai cohesión entre as políticas que se están a desenvolver nos distintos departamentos; é máis —e despois falaremos diso—, entre os departamentos do Goberno autonómico e outras institucións. ¿Acaso esa capacidade de diálogo vén do ceo, cae dalgunha visión particular? Non, señorías, a continuidade da acción do Goberno é o elemento clave para que poidamos dicir que iso se leva á práctica. Polo tanto, o punto de partida acréditase como un magnífico lugar para comezar a presentar as 76 propostas de resolución que a maioría parlamentaria quere traer ao debate desta Cámara; propostas que se cumpriran —como as demais, e despois o meu compañeiro Castro dará conta de como se están cumprindo— porque é un tremendo descaro dicir que as propostas discutidas en anteriores debates non se cumpren; repasaremos unha a unha como se cumpren; non se pode —nestes tempos onde se coñecen os papeis e onde sabemos avaliar os compromisos— vir con esas *triquiñuelas* antigas de isto non o fan. Iso non é así, cumpríronse; e a vocación é que se cumpran as que aprobe a Cámara, veñan de onde veñan, e agora traemos 76. As nosas propostas non son, señores socialistas, señores nacionalistas —señores nacionalistas non, porque non presentaron a proposta, pero por dicir algo—, propostas inconexas, unha colocada detrás doutra, senón que nacen de experiencias anteriores, que vostedes non teñen porque os galegos non quixeron que as tiveran, como a experiencia do Goberno; nacen da responsabilidade, non é un brindado ao sol, non podemos vir aquí e dicir o que queiramos, porque temos uns límites presupostarios, uns límites éticos e uns límites que veñen dados por saber o que as galegas e os galegos queren e necesitan —e cada pouco tempo, señores da oposición, dinnos que estamos camiñando polo lugar correcto—. ¿Saben que dicimos?

A diferenza de vostedes, que fan uns discursos absolutamente contra todo o mundo, apostamos por nós mesmos, porque nós somos parte do pobo, nós estamos metidos nese pobo. Son, polo tanto —e hai que dicilo—, apostas particulares e apostas por nós mesmos, abertas, transparentes; nós somos cidadáns medios aos que lles afectan os problemas de vivenda; non vivimos, como algunha das súas señorías, nos pesimismo internos, nas liortas permanentes ou nunha especie de garita cun horizonte que está máis nos libros que nas realidades.

Estamos, señor presidente, nunha boa situación económica, social e cultural; e dígoos sen triunfalismos. E o que é verdade, señor presidente, o que é absolutamente certo, é que o Goberno de Galicia, neste momento, ten a iniciativa política e a está exercendo plenamente; polo tanto, esta maioría parlamentaria que apoia o Goberno presidido por don Manuel Fraga ten que estar á altura desas necesidades e, por iso, con estas propostas de resolución quere escenificar que tamén quere estar na iniciativa de facer as cousas, na iniciativa de solucionar os problemas. Esa é a idea que informa basicamente todas as nosas propostas, pero, incluso, se quixeran vostedes abstraerse do que esta maioría parlamentaria está a dicir aquí, lean as propostas; só lendo esas propostas verán como o que estamos a contar é absolutamente certo; son propostas desde a iniciativa política, desde un goberno que está solucionando os problemas do país, desde unha maioría que é responsable con iso, unhas propostas absolutamente para todos, en positivo e realistas.

Hai, señor presidente, probablemente, unha forma máis fácil de explicar as 76 propostas que leas unha a unha, e é procurar un exemplo, así será máis fácil de entender. Por unha parte, hai un contorno político concreto ao que fan referencia algunhas propostas de resolución, un contorno político e institucional, que ten que ver co que acabo de dicir, con estabilidade, con capacidade de decisión, con capacidade de interlocución... Señores nacionalistas: capacidade de interlocución, capacidade de decisión, ¿saben o que é iso? Nós non rompemos con nada, achegámonos aos demais para convencer. Capacidade de “interlocución”, que é unha palabra maldita no nacionalismo galego. Pois ben, deixando de lado ese contorno político e institucional ao que van dirixidas algunhas, case 70 das nosas propostas conforman dous círculos concéntricos que teñen un punto no centro. Ese punto no centro é o cidadán do noso país, non hai

mulas, ás cooperativas, ás sociedades agrarias, aos autónomos –dos que se falaba aquí onte cando se daba unha noticia vinte ou vinte e cinco anos esperada por eles–, á empresa no sentido amplo, e queremos, encima, insistir sobre estas políticas porque sabemos que aí está a xeración de emprego. Calquera proposta de xeración de emprego que non pase por aí –porque máis empresas é igual a máis emprego, e máis emprego é calidade, por suposto– está condenada ao fracaso; por iso a nosa proposta número 6, con apoios a créditos e coa intervención do Igape, para que haxa máis medios económicos ao alcance destas empresas, sobre o apoio á internacionalización... Fíxense, señorías da oposición, que falamos da internacionalización das empresas de Galicia hoxe, cando hai doce ou catorce anos era unha quimera, era algo impensable; estamos falando xa de máis apoio a esa internacionalización porque é unha realidade. Iso significa riqueza e emprego para o país, e calidade de vida. Queremos apoiar as relacións destas empresas coa Administración a través das propostas número 2 e 4. Por outra banda, queremos darlle un explícito apoio ao emprego –que complementa todas as políticas destas propostas do Goberno–, que se resume na proposta número 12, para esixir unha porcentaxe de emprego estable non inferior ao 45% daquel que se cree con ocasión da instalación ou da ampliación de proxectos empresariais na nosa comunidade. Saben as súas señorías que xa tiñamos ambición de conseguir o 35%, e subimos 10 puntos iso. Señores da oposición, seguimos sendo ambiciosos, seguimos tomando iniciativas, seguimos facendo propostas como esta a favor do emprego.

Hai dúas propostas de proxectos singulares –dentro do que son as xeracións e as potencialidades económicas do país– dentro deste debate. Unha é a proposta 24, que é de axilización dun proxecto singular que, ademais, a min, particularmente, me mereceu sempre unha especial atención: o proxecto da planta regasificadora de Reganosa. Estes son exemplos de propostas como estas que pretenden acurtar os prazos e solucionar dificultades –paréceme que son as políticas que nos conveñen–. Outra das que chamaba eu propostas singulares é a número 19, relativa ao porto exterior de Ferrol, sobre o que, por certo, varios deputados da maioría tivemos ocasión de falar co alcalde de Ferrol –antigo membro desta Cámara, por certo–, que é tamén unha boa noticia para esa cidade. Esta é unha aposta singular e precisa, clave para desenvolver non só unha comarca, senón tamén un país enteiro, e amosa unha certa vocación de construír; por iso

pedimos que se fagan todos os acordos necesarios –insisto, señorías, todos os acordos necesarios– para garantir a viabilidade técnica e económica do proxecto do porto exterior da Coruña, co fin de facilitar a súa pronta execución.

Queremos unha lei para o fomento do comercio que estableza bases claras para desenvolver esta actividade porque sabemos que o comercio é un elemento clave na xeración de riqueza, e o *cluster* da madeira non podía menos, señor presidente, que ter a atención deste grupo parlamentario nalgunha proposta de resolución, para conseguir e insistir na súa especialización produtiva e para ver se podemos ampliar unha sa, importante, pero aínda mellorable, comercialización dos seus produtos. Entendemos –e saben as súas señorías que é opinión da maioría parlamentaria en distintos debates– que este sector ten enormes posibilidades, que está dando enormes dividendos. Hai pouco, nun debate co conselleiro de Medio Ambiente nesta Cámara, proporcionábanse datos que seica sorprendían a algúns membros da Cámara polo que significan, en termos económicos, este tipo de actividades. Por aí hai que seguir, porque por aí temos as fontes principais de creación de riqueza e, polo tanto, de creación de emprego e de calidade de vida.

Hai novos escenarios neste sector no que nos movemos, e a acuicultura é un novo escenario que é moito menos novo en Galicia que noutros lugares. Porque, fíxense, se antes dicíamos externalización, internacionalización, de empresas, agora falamos de acuicultura, porque Galicia está construíndo propostas novidasas e pioneiras en distintos ámbitos do desenvolvemento económico. A acuicultura é unha aposta absoluta da maioría parlamentaria e, por suposto, do Goberno que a apoia e dos departamentos que máis traballan nela. Cremos que hai un marco lexislativo favorable que, como toda novidade, ten dificultades de desenvolvemento que queremos emendar con ese novo marco favorable, e queremos que, aplicando as doutrinas de xanela única e a racionalización dos medios da Administración na súa relación co cidadán, exista unha tramitación de expedientes en todas estas materias cun só órgano. En calquera caso, estas políticas de acuicultura e de pesca, que son capitais para nós, están magnificamente erixidas.

Eu non entendía moi ben a broma do señor Rego sobre as fichaxes; eu debo ser un dos poucos deputados da Cámara aos que non lle gusta o fútbol e ao mellor por iso non enten-

día o das fichaxes, pero sabe que a min me gustan outras cousas. Eu, que son –non tanto agora– bastante deportista, son máis amigo dos deportes de motor, que non por minoritarios son menos interesantes. Eu diría que o Goberno de Galicia é como un coche de carreiras. ¿Sabe por que digo que é un coche de carreiras? Porque vai moi rápido, vai moi seguro e chega antes que os demais ao final, e cando chega a bandeira a cadros, cada catro anos, estannos dando a copa do primeiro, esa coroa de loureiro. Pero, mire, esa é a fichaxe que temos. Dentro dese equipo de carreiras, hai os que están en pesca, os que están en sanidade, os que están en políticas sociais, os que están en obras públicas; e, a diferenza doutros, todos eles conforman un equipo –non destacamos a ninguén, o que destaca é o patrón que está levando o volante dese coche que vai rápido e seguro e que gaña carreiras–.

¿Sabe o que lle digo? Falando de fichaxes, eu diría que me viña á cabeza a fichaxe que fixeron vostedes en Vigo. Vostedes ficharon un piloto estranxeiro para coller o coche e resulta que cando chegou a primeira curva non foi quen de frear e saíu recto. E agora estes días está o que chamamos na *puzolana*, que é fóra da pista, fóra de calquera lado, empan-tanado na area, non vai nin para adiante nin para atrás, pero nese coche hai 400.000 persoas, polo tanto, non tomen a broma as políticas e os erros que están a cometer.

Diciamos que queremos seguir apostando por estes sectores básicos de desenvolvemento económico e xeración de riqueza, e estamos falando de acuicultura. A proposta número 32 plantexa que veña á Cámara un proxecto de lei de desenvolvemento rural de Galicia. Estamos avanzando polo mesmo escenario, estamos completando o mesmo escenario, e verán como en varias ocasións reclamamos, desde as propostas de resolución, escenarios lexislativos que nos permitan desenvolver propostas, e isto tamén é importante. Fago aquí unha paréntese, porque incluso das poucas propostas que nos ían chegando poderíamos deducir que non estaban apoiadas en ningún marco lexislativo. ¿Pódese desenvolver un escenario de futuro en Galicia sen un marco lexislativo? Porque iso é, señor Suárez Canal, pasar polo Parlamento, vir aquí a dicir como imos desenvolver o rural galego. O demais non sei que é. O señor Beiras tampouco o sabe, porque non dixo nada do que dixo vostede aquí, co cal xa somos dous que non sabemos o que é; ou, se quere, corenta e un máis un, corenta e dous, que non sabemos o que é. Isto si é pasar polo Parlamento.

Así, tamén queremos que elementos claves do que foi a tradición agrícola galega, que hoxe se está transformando nunha industria como é a cárnica, se desenvolvan con toda a potencialidade que ten. Cremos que é importante consolidar a denominación nun mundo de marcas, nun mundo onde as calidades se esixen por parte dos consumidores; queremos que se insista por ese tipo de políticas. Por suposto, non podemos esquecer o apoio ao viño no comentario que facemos dalgunhas das propostas que presentamos en materia de desenvolvemento económico, como a número 36, formulada por viticultores na que queremos priorizar peticións de dereitos de plantacións localizadas nalgúns destas zonas –zonas vinícolas sensibles, que queremos que así se denominen–, ou tamén a instalación de agricultores mozos. Estas son políticas de integración concretas, que faciliten que os mozos cheguen ao emprego que está no seu contorno, e non a un emprego artificial que non sabemos onde está. Diciamos que se lles dedique a prima que corresponda á adquisición de dereitos de produción para que poidan quedar no campo e explotar o viñado; que se implanten as medidas agroalimentarias de redución de fitosanitarios como unha vía complementaria que ten especial interese para os que traballan neste medio. É un apoio clarísimo ao cooperativismo nos ámbitos emerxentes –pesca, sector forestal, os que acabo de citar aquí–, como dicimos na proposta 67.

¿E que dicimos do turismo? Por certo, as súas señorías, de turismo, ou non faláron nada ou non faláron ben. O turismo está a ser un elemento clave á hora de xerar riqueza no país, e paréceme que as súas señorías, probablemente por descoñecemento, o están a tomar en broma. Sería xusto dicir que, efectivamente, hai algúns correligionarios das súas señorías que noutros ámbitos institucionais si practican, con maior ou menor acerto, políticas turísticas na liña que está a debuxar o Goberno de Galicia, pero parece que para vostedes non existen. Alá llelo explicaran vostedes a algúns compañeiros seus, concelleiros noutros sitios, que si están de acordo coas nosas políticas, súmanse a elas e insisten, especialmente, nas políticas de promoción e de captación de turismo dalgunhas zonas; porque xa é o absurdo dos absurdos que vostedes teñan dous discursos nisto e en todo: un aquí na Cámara e outro noutras institucións onde gobernan.

Estaba dicindo, señor presidente, que apostamos polo turismo como elemento de riqueza. Crecemos moito en infraestrutura turística, pero estaremos de acordo en que un

esforzo maior nese lugar ten que dar bos réditos, co obxectivo final que queremos cumprir de desenvolvemento turístico. Polo tanto, máis infraestrutura na proposta 70.

Queremos, señor presidente, e esta é unha das propostas máis globais do grupo, que no caso –non só na súa vertente turística, por suposto–, do que significa o Xacobeo deste ano, que é un elemento principal de promoción do noso país, que está dando réditos ano a ano –onte dicíase se un ano ou outro...–; son políticas que, coa programación e coa continuidade con que as levamos, están dando froitos ano tras ano, non só nos momentos puntuais. Queremos que se faga un esforzo por parte do departamento correspondente para que a infinidade de actividades culturais de promoción e de reflexión sobre o Camiño vaian chegando a cantos máis lugares de Galicia mellor, para que, se xa en anteriores ocasións se viviu por todo o país esta celebración e se recibiron os beneficios, neste caso sexa aínda máis concreto, aínda en máis vilas, aínda en máis lugares; e iso dicimos na proposta 74.

Hai que dicir que queremos insistir na aposta polo audiovisual, que é outra reafirmación de que estamos en primeira liña; ven, señorías, como ao longo das explicación das propostas nos imos situando en sectores estratéxicos; xa non estamos detrás, xa estamos meténdonos no medio, pelexando por estar cos de cabeza, tomando iniciativas, señores da oposición, e facendo propostas–. O Parlamento insta a Xunta a intensificar as medidas encamiñadas a impulsar a produción audiovisual galega de animación e a apoiar a súa presenza nos mercados nacionais e internacionais.

Non quería pasar sen subliñar dúas propostas de resolución, a 13 e a 14, que van como transición dun círculo a outro, encamiñadas a que os cartos do *Prestige* cheguen rapidamente. A xestión da crise, á que todos os galegos están tendo acceso e da que dan coñecemento os datos, foi unha xestión que conseguiu evitar problemas enormes. Nunca, señores da oposición, un país do ámbito político do Goberno de Galicia –nin moitas das súas institucións, nin a propia sociedade– soubo responder como o fixo este neste caso. Polo tanto, queríamos testemuñalo con dúas propostas moi concretas, que van ao peto dos cidadáns, para que se aceleren eses pagamentos; un punto e final nunha serie de accións que, ao final, nos permiten ver con optimismo o futuro ambiental do noso país.

O círculo da calidade de vida é o que está compartindo o punto medio con este círculo que acabamos de explicar de xeración de riqueza, e onde colocabamos o cidadán no medio, non do noso partido, señores da oposición, nin dos nosos intereses: o cidadán no medio –despois, algún virá e acusarame de liberal, pero debe ir nos salarios–. O círculo da calidade de vida significa, coas propostas que queremos explicar e, sobre todo, coas accións do Goberno nestes últimos anos, sensibilidade política. Por certo, partindo da saúde das persoas, ¿como se pode vir aquí dicir que o das listas de espera é falso, que non se pode ver en ningún sitio o das listas de espera? ¿Como se pode dicir iso, señores da oposición? Galicia é a única comunidade do Estado que publica na súa páxina web as listas de espera, e publícaa por especialidades e por centros. Se me fai o favor, o señor deputado, despois, ensinaralle unha fotocopia dunha páxina web da Xunta de Galicia, de Sanidade –se ma trae, por favor–, que acabo de consultar, porque me parece tan ignominioso que alguén poida dicir que isto é falso que non me quedou máis remedio que ausentarme do debate. Parecerá ridículo, pero é que é tan ridícula a acusación que non se pode dar máis que unha resposta infantil. Esta é unha páxina que hai trinta e cinco ou corenta minutos acabo de sacar dun ordenador que non era nin o meu. Neste ordenador, claro, non figura se a Juan Casares o van operar de próstata pasadomañá, porque iso é unha información confidencial. Aquí figuran –insisto– por centro e por especialidade, as listas de espera. Aquí teño a lista de espera cirúrxica dun centro en concreto –agora lle dou a fotocopia–, cun hospital e coas demoras. Non, estamos discutindo que vostede di que isto é falso.

(O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben) Vostede dixo que era falso e que o presidente da Xunta o enganaba. Se vostede tivese un pouco de dignidade política, collía e...

O señor PRESIDENTE: Señor Rego, a súa vez xa pasou.

O señor CASARES GONZÁLEZ:... levantábase e marchaba deste debate. Aquí o ten *(Interrupcións.)*, é inaceptable que cheguemos a este punto.

Falar, señor presidente, de calidade de vida...

O señor PRESIDENTE: Señor Rego, a súa vez xa pasou. Non ten por que intervir agora, faga o favor. Non interveña,

señor Rego, vostede non está no uso da palabra. (*O señor Rego pronuncia palabras que non se perciben.*) esa incontinencia verbal non se pode soportar. Se non, voulle ter que chamar a atención.

Continúe, señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Cando rematamos de construír esta parte final do discurso –non a parte final, esta segunda parte–... É normal que se alporice, señor presidente, porque se a min me sacaran as cores como llas acabamos de sacar a el, marcharía correndo. Entón, hai que ser un pouco condescendente co señor Rego, porque, se non berra, a ver que fai; é dicir, ou berra ou marcha, non hai outra... Non, mire, aquí teño o papeliño. Eu, se quere, déixolle o ordenador; pero non tomen isto a mal, é dicir, este é o charco que vostedes pisaron soños.

Cando rematabamos de explicar algunhas propostas de resolución do círculo da calidade de vida, véuse nos á memoria a varios deputados que traballamos –por certo, observen as súas señorías que este é un debate no que todos os deputados deste grupo parlamentario contribúen; sempre o fan, pero neste debate especialmente; ademais, quero darlles as grazas porque ao final se escenifica a través dunha persoa, pero son moitos os que traballan– que unha persoa morreu hai pouco nun estadio de fútbol aquí ao lado. E dirán: ¿que ten que ver con isto? Pois, mire, señor presidente, o outro día, onte, dicía vostede que unha sociedade sen valores é unha sociedade condenada ao fracaso, e isto ten moito que ver con iso. Por iso queríamos, desde o Grupo Parlamentario Popular, sumarnos a unha magnífica iniciativa que tivo o Goberno a través do conselleiro de Xustiza e da conselleira responsable de Deporte de coller este asunto por onde hai que collelo. Ademais, queremos dicir que animamos os clubs de fútbol –parécenos que houbo boa resposta dos que están aquí, no país– para que sigan nesa disposición, pero sabemos que tampouco se pode tolerar a violencia verbal –que non só é a violencia física–, as estrelas vermellas de cinco puntas, as cruces esvásticas... Tamén son os insultos, os comportamentos, os que teñen que ver con iso que dicía o señor presidente: a perda por parte dalgúns de valores, que son os que, ao final, permiten a convivencia das persoas. Falar disto, de calidade de vida, sen antes paramos aquí, parecíanos que era unha absoluta perda de tempo, porque isto é o primeiro de todo: os principios e a convivencia entre as persoas.

Máis e mellor acceso dos discapacitados a centros de atención, mellorar a rede pública de servizos sociais, axudas aos drogodependentes –metadona, centros, achegar os locais aos concellos con políticas de atención primaria para xente coma esta e para xente de reinserción social–, integración dos emigrantes –imos poñer máis recursos e máis programas formativos–.

Na universidade, señores da oposición, como si decidimos, señor Suárez Canal, queremos establecer –lean vostedes a proposta número 22– un catálogo para o novo financiamento do sistema, que é unha nova aposta para o sistema universitario galego. ¿Saben porque? Porque decidimos.

Desenvolvemento do hábitat e do urbanismo, nun urbanismo humanizado. Por certo, o señor Rego quería crear unha empresa pública para vivendas, e rapidamente pensei eu: se crea unha empresa pública para vivendas, ¿saben a quen poñen de director xeral? ¡Claro! a Simancas colocaría o señor Rego de director da empresa pública en Galicia, que (*Murmurios.*) prometía hoxe 100.000 novas vivendas para Madrid e nas eleccións de maio prometeu 50.000 novas vivendas para Madrid. Como siga así... E Rego dixo: Vaia, este multiplica as vivendas, pois queremos unha empresa pública en Galicia e poñamos a Simancas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ:... á fronte, porque as políticas de vivenda socialista saben como son en Galicia. Bastión socialista: A Coruña. Dicía Beiras onte que era un desastre absoluto o que se facía coa zona antiga da Coruña –dicíao Beiras, hoxe Suárez Canal non dixo nada diso–. Nin unha soa posibilidade de arranxo, nin un só convenio despois de múltiples ofrecementos da Xunta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Saben canto chan hai a disposición na cidade da Coruña para construír vivendas con cartos da Xunta de Galicia? Cero. Polo tanto, esas son as verdadeiras políticas de vivenda que os socialistas practican.

E por último, señor presidente, non quería deixar de subliñar propostas ambientais de integración e para todos. Por exemplo, unha delas, por concretar, como cando dicimos que Sogama debe achegarse a tratar, dentro das súas limitacións, efectivamente, todos aqueles residuos que poidan chegar doutros sistemas, porque non os tratan.

É dicir, políticas para todos, para os que lle votan ao PP e para os que non lle votan ao PP; políticas para o cidadán, traducidas nunha aposta polo país renovada. Un país, señor Suárez Canal, que ten características propias, se poña vostede como se poña, coas súas virtudes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ:... e coas súas potencialidades, cos seus soños e coas súas realidades, que son as que máis nos importan. Unha aposta, viron, señoras deputadas e señores deputados, polo país; por nós mesmos, que, como lles dixen hai un momento, estamos no medio dese país; polos nosos fillos –¿por que non dicilo, que xa podo dicilo tamén?–; e un renovado compromiso no inicio dunha nova era, na que nos situaba con acerto o señor presidente –por certo, o único que onte foi capaz de situar a cuestión–.

Señor presidente, remato dicindo que nós temos o impulso, e o que é evidente e que nós tamén temos a iniciativa.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Pide a palabra o señor Suárez Canal.)

Señor Suárez Canal, ¿para que quere a palabra?

O señor SUÁREZ CANAL: Para unha cuestión de orde, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá.

O señor SUÁREZ CANAL: Non sei se vostede reparou en que o señor Casares na súa intervención homologou símbolos que están legalizados, e que forman parte do acervo dunha das organizacións desta Cámara, con símbolos que teñen un pasado absolutamente alucinante. Eu pídolle que retire esas palabras do seu discurso. Senón, o que lle teño que recordar é que, efectivamente, é posible que el na súa xuventude tivese –e siga tendo, ao mellor, no seu foro interno– adoración por símbolos que hoxe non son legais, seguramente o xugo e as frechas, pero algún dos símbolos aos que el se referiu hoxe desde a tribuna son legais e están sendo hoxe utilizados por forzas políticas desta Cámara, e paréceme que é unha auténtica perversión

da utilización da tribuna homologar ese tipo de cousas. Por iso lle dicimos, señor presidente, que retire esas cousas do Diario de Sesións.

O señor PRESIDENTE: Eu entendo que fixo non unha homologación concreta dun símbolo determinado, senón de varios. Fíxose alusión a varios que se utilizan en determinados sitios, e non creo que haxa por que facer unha retirada, precisamente, dun símbolo concreto. Vostede, ao mellor, séntese ofendido nun signo concreto, pero é que fixo referencia a varios, así que non creo que haxa unha alusión directa a ninguén concretamente. Ademais do que lle digo eu, que se se refire ao da estrela, non creo que sexa patrimonio do Bloque, iso xa existiu desde... O da estrela de cinco puntas, xa me vai contar se é do Bloque, se a inventou o Bloque. Así que non...

O señor SUÁREZ CANAL: Permítame, señor presidente, eu entendo que para vostede isto sexa de *pitorreo*, efectivamente...

O señor PRESIDENTE: Non hai tal *pitorreo*, é que vostede non pode atribuír unha estrela de cinco puntas a un partido político, que non o significa en ningún lado.

O señor SUÁREZ CANAL: Eu non estou dicindo iso.

O señor PRESIDENTE: Porque entón poderíase enfadar o señor Che Guevara ou o señor Fidel Castro, ou calquera. Vostede non inventou aquí nada.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, eu non estou atribuíndo iso...

O señor PRESIDENTE: A ver, ¿que é o que di vostede?

O señor SUÁREZ CANAL: Se vostede se fixara no que eu dixen, nas miñas palabras... Un deputado nesta Cámara, desde a tribuna, vilipendiou un símbolo legal e legalizado, e utilizado por unha forza...

O señor PRESIDENTE: Pero non se referiu a ningún partido político concreto.

O señor SUÁREZ CANAL: Estoulle dicindo que vilipendiou un símbolo utilizado por esta Cámara. Eu pídolle,

entón, que na próxima intervención que me deixe facer a min, aí, desde a tribuna, que colla algún dos símbolos que está utilizando o PP e os empece a vilipendiar como os vilipendiou ese señor. A ver se vostede me deixa facer o mesmo...

O señor PRESIDENTE: Se o fai nos mesmos termos nos que o fixo este señor, non hai problema ningún...

O señor SUÁREZ CANAL: Imos ver se mo deixa facer.

O señor PRESIDENTE: Se o fai nos mesmos termos de alusión, simplemente. Señor Suárez Canal, non teño porque debater con vostede, rematou o tema.

O señor SUÁREZ CANAL: Non. O que non ten é que darlle cobertura ao insulto e ao deterioro de símbolos legais neste sistema.

O señor PRESIDENTE: Nunca dou cobertura de ningún tipo, non son ningún partidista e téño demostrado nesta Cámara ao longo de moitos anos. Así que non me veña con esa teoría. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

(Pide a palabra o señor Rego González.)

Señor Rego, ¿para que quería a palabra?

O señor REGO GONZÁLEZ: Primeiro, para pedirlle desculpas, señor presidente, polas interrupcións que eu puiden facer durante a intervención do señor Casares; pero, inmediatamente, tamén para pedirlle, se nos fai o favor, que nos aclare, como presidente desta Cámara, se a rolda que acaba de rematar agora era unha rolda para a defensa das emendas de cada un dos grupos ou para fixar posición sobre as dos demais. Porque se é para a defensa das emendas de cada un dos grupos, señor presidente, vostede poderá dar boa fe —porque estaba no sitio que tiña que estar, presidindo esta sesión— de que o señor Casares retorceu dunha maneira moi clara o Regulamento da Cámara, fixando posicións sobre as emendas dos grupos da oposición en vez de defender as do Grupo Parlamentario Popular. E iso, señor presidente, lámentoo moito, porque o fixo coa permisividade de vostede, despois de llo ter eu advertido cortés e amablemente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego. Precisamente, a partir de que vostede me chamou dicindo se era unha rolda de posicionamento a respecto das emendas ou non, empeceime a fixar concretamente, e o señor Casares chegou a defender ata a emenda número 26 —non puido seguir porque lle rematou o tempo—. Se non, buscamos a acta e pásolla mañá a vostede para que a lea. Defendeu ata a proposta de resolución número 26, que foi a última á que fixo alusión. Se non tivo tempo de defender máis ou se tardou en entrar no tema da defensa das propostas de resolución, iso xa é un tema distinto. Agora, poida que se atrasara un pouco en entrar e que fixera alusión ás outras propostas de resolución, pero el defendeu ata esta proposta de resolución. Agora se vostede non quixo oílo, é distinto.

Entendo o asunto por concluído, e, mire, imos suspender a sesión, a ver se chegan a algún acordo, o que vexo bastante complicado tal e como están as cousas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se vostede aclarar, aclárao todo, pero non o deixa claro despois.

O señor REGO GONZÁLEZ: Mire, señor presidente, ten vostede razón en que chegou ata a emenda 26, pero vostede sabe perfectamente por que: porque gastou o resto do tempo en fixar posicións sobre as emendas dos demais cando a rolda non era para iso. Iso sábeo, señor presidente, vostede, igual que o sei eu, por certo, e todos os membros da Mesa que o acompañan a vostede.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señores. Como dicía, imos suspender a sesión por 45 minutos a ver se hai posibilidade de que cheguen a algún acordo sobre as propostas de resolución.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión coa rolda de posicionamentos dos grupos parlamentarios a respecto das propostas dos demais grupos.

Para comezar este posicionamento, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Quero iniciar a miña intervención, señorías, dicindo que, lamentablemente, un ano máis, temos que recoñecer que o Grupo Parlamentario Popular, cando menos polo que respecta á percepción que nós temos, se autoílla nesta Cámara das propostas de resolución dos grupos –refírome ás do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia en gran medida–, e, o que máis nos preocupa aos socialistas, autoíllase dos problemas dos cidadáns do país. Porque, señorías, se temos que fixarnos no posicionamento político do Grupo Parlamentario Popular con respecto ás emendas do Grupo Parlamentario Socialista –plantexadas en positivo e explicadas, eu creo que con claridade ampla, por escrito e de palabra–, e atendemos ás presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, temos que concluír que para o Grupo Parlamentario Popular non é un problema o tema da educación na nosa terra; non lle preocupa o tema do fracaso escolar; non lle preocupa que en Galicia reorientemos os nosos recursos para priorizar a formación, a educación e a investigación; non lle preocupa a situación das familias galegas; os déficits que existen en materia de política social non forman parte da preocupación do Grupo Parlamentario Popular; non lle preocupa ao Grupo Parlamentario Popular a posibilidade de que haxa unha lei para prever a violencia de xénero, para apoiar as vítimas desa violencia; non lle preocupa que haxa unha política xuvenil que estea de acordo coas necesidades dos mozos, coa súa capacidade de impulso e emprendedora, non lle preocupa iso ao Grupo Parlamentario Popular; non lle preocupa o tema da precariedade laboral, que incide durisimamente no medio de vida, especialmente dos mozos, que incide durisimamente na sinistrabilidade laboral; non forma parte do seu calendario de preocupacións, polo tanto, tampouco do Goberno; e non lle preocupa, desde logo, a accesibilidade á vivenda na nosa terra, non é un problema para o Partido Popular este tema.

Digo isto porque podería ser que non se aceptara a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, podería ser, pero podería ter como contrapartida unha proposta do Goberno, ou do grupo parlamentario que o apoia, dunha política de

vivenda acorde coas necesidades que ten o noso país, que son moitas, señor Casares, e non lle son as do señor Simancas –que, por certo, xa verán que disgusto lle vai dar, xa o verán, non se preocupen–, pero, desde logo, non son as do señor Romero de Tejada, señor Casares. Xa que vostede quixo traer aquí o tema madrileño, non son as do señor Romero de Tejada as que nos interesan aos galegos, porque temos xa o resultado delas aquí cando se ten recoñecido, por activa e por pasiva, que o fracaso da vivenda pública en Galicia derivaba fundamentalmente da falla de interese da iniciativa privada pola vivenda pública, pola vivenda de protección oficial. ¿Téñeno recoñecido aquí altos responsables do Goberno galego?, ¿si ou non, señor Casares? Nunha operación e nunha demostración de sinceridade que os honra, teñen recoñecido aquí que a falta de interese pola vivenda pública, debida á falla de interese por parte da iniciativa privada, supuxo un fracaso importante e unha limitación importante para a política de vivenda en Galicia. ¿Como se pode paliar iso se non é cun programa activo e decisivo de vivendas de protección oficial desde a iniciativa pública, perfectamente concertada, se é posible –incluso necesario– coa propia iniciativa privada, señor Casares?

Certamente, un non consegue entender o posicionamento que vostedes teñen en torno a un problema que saben que lle afecta a unha parte importantísima da sociedade –especialmente aos mozos e aos colectivos máis necesitados–; claro que lles afecta, durisimamente, e vostedes negan ese efecto. Sen dúbida ningunha, vostedes defenden outros intereses, e eu digo que o fan lexitimamente; pero dígnannos se é lexítimo que vostedes defendan en materia de vivenda os intereses puros e duros do mercado, da iniciativa privada, das inmobiliarias, dos señores que queren especular coa vivenda. É lexítimo que o fagan, pero non fagan isto detrás dun discurso falso e absolutamente cínico, dicindo que teñen unha política de vivenda de protección oficial para os mozos e para as familias con menor nivel de renda, porque nin a teñen nin a tiveron nos catorce anos pasados; é absolutamente falso, é unha falacia. Vostedes teñen toda a lexitimidade e todos os dereitos; iso si, menos o de tomarlle o pelo á xente que ten fortísimas necesidades para cubrir. Nada menos que un dereito constitucional.

Xa que estamos a falar dun dereito constitucional, e xa que a vostede, señor Fraga Iribarne, se lle enche a boca cando fala de que é pai da Constitución, podería facer algo

para que se cumprira tamén nese apartado, ademais de ser pai dela –que nolo recorda a todos, por se acaso nos esquecésemos; incluso intentando, ás veces, patrimonizala–.

Pero, señorías, se é un elemento de nula preocupación para o Goberno o tema da vivenda, ¿que non imos dicir do tema sanitario? Señor Casares, vostede leume aquí unhas follas –que foi o señor conselleiro de Sanidade correndo para darllas–, e eu imaxino que llas ensinaria ao señor Fraga; eu rogárialle que llas pase, porque á páxina web pode ir calquera cidadán. Pásellas ao presidente da Xunta e dígalle que suba aquí, a esta tribuna, e que lles explique a todos os galegos o que dixo onte. ¿Sabe vostede que din esas follas? Listas de espera en consultas externas no Hospital Comarcal do Salnés –voulle poñer un exemplo, pero é o que pon de todos–: pacientes atendidos, 44.414; espera media en días, vinte e nove. ¿Quéreme dicir vostede que a un cidadán dese hospital que espera dous anos e medio para unha consulta odontolóxica, por exemplo, señor Casares, lle di algo isto? ¿Esa é a comunicación das listas de espera? ¿Disto nos fala vostede? ¿A quen lle pretende vostede tomar o pelo, señor conselleiro? ¿Aos cidadáns desta terra? Parece que non. ¿Ao presidente da Xunta? Tómollo vostede, pero dígalle que non o diga desde a tribuna da primeira institución do noso pobo, porque isto é unha auténtica vergonza, é un descaro, é unha auténtica desvergonza política; porque non se pode facer isto con cidadáns que levan anos esperando, pola súa ineficacia, polo seu desleixo e pola súa incompetencia. ¿Sabe vostede que isto é así? ¿Canto teñen que esperar nos hospitais, por exemplo, para facer unha mamografía? Pregunte vostede, mire a ver. ¿Cal é a lista de espera real para intervencións cirúrxicas nos hospitais do Sergas, señor conselleiro? Explíquenllo aos cidadáns. Vostedes vanlles con medias, e ao señor que está esperando unha consulta dinlle que ten que anotarse para que poidamos darlle lista de espera; ou sexa, hai lista de espera para a lista de espera, señor conselleiro. ¿Vostede chámalle a isto publicación na páxina web? ¿Recollen tamén vostedes na páxina web o momento no que lle din ao cidadán: “Hoxe non o anoto, chame para a semana que vén, a ver se o podo anotar”? Esta é a situación na que temos a sanidade pública, e nós queremos melloralala, porque é un bo sistema, e vostedes, desgraciadamente, estano estragando, ese é o problema. Estou seguro de que non o estragan por gusto, eu penso que máis ben é por incompetencia, por desleixo e por falla de capacidade de iniciativa, señores. Polo tanto, señor Casares, cando veña aquí a falar destas cuestións, ensíne e diga a verdade.

Logo, señorías, hai algunhas cuestións nas que a nós nos parece que merecería a pena que o Grupo Parlamentario Popular dera algunha explicación, porque é triste que non dixeran nin unha soa palabra sobre a nosa proposta de resolución que ten que ver co *Prestige* en clave de futuro. O señor Touriño dixo desde esta tribuna na tarde de onte que lle interesaba falar do *Prestige* en clave de futuro, porque sabe que aí temos un reto importante: levar adiante a recuperación do noso país, levar adiante a protección das nosas costas, establecer garantías máximas para que non volva ocorrer o que xa aconteceu. Isto, señores e señoras do Grupo Parlamentario Popular, para vostedes non merece ningún interese, pero é que non merece tampouco ningún interese nas súas propostas de resolución. Resulta que non fai falta un plan de recuperación medioambiental de Galicia nin un programa de actuacións de prevención e loita contra a contaminación que poña en marcha operativos en peiraos e rías, para prever as consecuencias que poidamos ter, como as que tivemos o ano pasado, señor presidente da Xunta de Galicia. Resulta que non fai falta poñer en marcha un equipo integrado de investigación científica para estudar o comportamento dos recursos naturais. Resulta que fai falta nada máis e nada menos que o que dixo aquí o señor Casares: sobre o *Prestige*, punto e final. Acabouse o tema das reclamacións, punto e final. E eu digo, señor Fraga...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ:... –remato, señor presidente–, ¿como é que lle vai poñer punto e final ao impacto sobre os nosos recursos? ¿Como se van recuperar se non sabemos que impacto tivo esa catástrofe sobre eles? ¿Como se lles vai, señor Fraga, facer fronte ás consecuencias desta catástrofe se nin sequera coñecemos cales son? ¿A que lle teñen medo vostedes cando non están dispostos a votar a favor da creación dunha comisión mixta na que participen todos os grupos parlamentarios para seguir todas as actuacións anteriores e o impulso e a avaliación do cumprimento do Plan Galicia, señor Fraga Iribarne? Sería a que realmente podería permitírnos a todos traballar en clave de futuro no tema do *Prestige* como grande elemento de preocupación do noso pobo, e vostedes teñen unha soa obsesión, que é tapalo e que se esqueza. Nós lamentámolo, pero ao final será a súa responsabilidade.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, as propostas de resolución que presenta o Grupo Socialista serán votadas favorablemente polo Bloque Nacionalista Galego, agás no caso dalgunhas, nas que, pola súa extensión e por afrontar distintos aspectos nos que teriamos matices que facer, expresaremos o sentido do voto coa abstención.

As propostas do Partido Popular, basicamente, votarémolas favorablemente, a pesar de que a maior parte delas son auténticos, non xa brindes ao sol, senón brindes á lúa. Digo á lúa, porque non teñen ningún tipo de compromiso, son declaracións de intencións e mesmo algunhas –fixense vostedes– propoñen plans e programas que chegan ata o 2013 e que lle propoñemos que nolos envíen a este Parlamento para poder opinar, pero nin sequera niso está o Partido Popular disposto a tolerar o funcionamento deste Parlamento. A pesar disto, sendo brindes ao sol a maior parte deles, imos votalos favorablemente, agás nalgúns casos, nos que nos absteremos porque representan declaracións de intencións que non compartimos totalmente ou que están totalmente baleiras de contido. Algunhas delas mesmo son pintorescas, como, por exemplo, que o problema dos vertidos da rede de saneamentos e depuradoras hai que resolvelo cunha ordenanza municipal, cun papel. O texto di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que elabore e lles facilite aos concellos modelos de ordenanzas, co obxecto de que controlen os vertidos á rede de saneamentos e depuradoras de augas residuais”. Como comprenderán, ese é, efectivamente, o camiño para resolver o problema das depuradoras.

Tamén nos absteremos noutra que está formulada en termos que pensamos que son un pouco atrasados, porque di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que elabore un plan de impulso e fomento da cultura preventiva na sociedade, particularmente nos ámbitos educativos”. Non sabemos o que é isto da “cultura preventiva”, en todo caso, seguramente lle correspondería á época na que vostedes eran profesionais con Bush, e hoxe, que xa estamos no territorio da cultura anticipativa, polo menos, deberían de cambiar o formato.

Tampouco imos votar favorablemente algunha que tamén é pintoresca, como que nos dediquemos a plantar frondosas e arborado autóctono no Camiño de Santiago. O problema é que debe ser para o ano xacobeo do 2025 ou do 2026 porque son especies de crecemento lento, e, desde logo, o ano que vén non o imos facer. Sabiamos aquilo dos incendios-escapate, agora imos ter as frondosas-escapate, patrocinadas, desde logo, no Camiño xacobeo.

Non imos votar, se non aceptan unha proposta que se fixo para evitar que se vote aquí no Parlamento, no teor literal –aínda que nós entendemos cal é a intención que se persegue–, unha que di o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitarlles aos clubs de fútbol a implantación dun rexistro de grupos radicais, así como a vixiar o contido das súas páxinas en internet, co fin de erradicar a violencia no fútbol.” Nós temos claro que hai que erradicar a violencia; ora ben, darlle carta de natureza nun rexistro aos grupos radicais... Nós pensamos que a eses grupos radicais no fútbol haberá que combatelos, perseguilos e, en todo caso, controlar as súas páxinas en internet. Nese sentido, estaban aí formulando, desde o Grupo Socialista, unha transacción que non entendemos como non se acepta, porque pensamos que é bastante rechamante que no Parlamento se lle dea carta de natureza, e aceptemos que é normal, a un rexistro de grupos radicais; non entendemos que exista nin que ese sexa o camiño. Pensamos que o que hai é que combatelos, intentar evitar que, efectivamente, fagan propaganda e todo o que se queira; pero, desde logo, pensamos que é bastante importante que non fixeramos a votación con este teor literal.

Dito isto, sorprendenos, señor Fraga –témosllo que dicir a vostede directamente–, que apele de forma recorrente ao diálogo como se fose un fetiche. Todas as propostas que teñen que ver co autogoberno que formula o Bloque Nacionalista Galego están redactadas nos termos de pedirlle á Xunta que nos envíe ao Parlamento a súa proposta para podela debater e configurar unha proposta galega sobre como se deben exercer as competencias exclusivas, sobre as competencias que faltan no Estatuto, o Tribunal Constitucional, a posibilidade de que no futuro teñamos unha proposta propia da reforma do Estatuto, etc. O que se lle pide á Xunta é que nos envíe a súa proposta nun prazo determinado para poder dialogar sobre ela no Parlamento. ¿Cal é a súa sensación, o seu sentido do diálogo, señor Fraga, cando nunha desas propostas merece a atención pola súa parte?

¿Cal é o seu sentido do diálogo? De 153 propostas que presenta o Bloque Nacionalista Galego, dúas acéptanse –por certo, dúas que xa tiñan que estar cumpridas na actualidade, segundo as resolucións do ano pasado– e outras, de pouca importancia, transacciónanse –creo que son catro ou cinco–. ¿Ese é o seu sentido do diálogo? ¿Ese é o seu sentido de darlle o protagonismo a esta Cámara? ¿O sentido de darlle protagonismo a esta Cámara é dicir que os representantes da sociedade galega non imos poder opinar nos programas e plans que vostedes van elaborar, porque se negaron a facer transaccións que lles pediamos para que os enviáran a esta Cámara? ¿Ese é o sentido do diálogo, señor Fraga? Non nos tome o pelo, esquézase dese fetiche, está ben que en declaracións recorrentes fale vostede para a galería.

Sentido do diálogo hai no Bloque Nacionalista Galego, para participar no diálogo nesta Cámara, para construír vontade de país; para construír propostas de país, non formulamos nin sequera o noso contido concreto nas propostas de autogoberno, dicimos que veñan á Cámara as súas para poder debatelas e configurar unha proposta propia, porque sabemos que a nosa seguramente non é a que subscribe todo o mundo; pero impórtanos ter proposta de país nesta temática. A vostedes non, a vostedes o *rodillo* da maioría parlamentaria, ese é o seu comportamento. Nas súas propostas de resolución, o *Prestige* non existe, hai dúas propostas de resolución que fan referencia ao cumprimento do decreto de Madrid, respecto das indemnizacións. Ou sexa, o problema medioambiental non existe no día de hoxe, o problema da seguranza marítima non existe, o problema dos recursos non existe.

Eu pregunto que pasou o ano pasado; eu podo entender que vostedes teñan unha valoración triunfalista do asunto, pero supoño que haberá moitas cousas que resolver aínda en relación co *Prestige*. ¿Non ten nada que opinar diso o grupo maioritario desta Cámara? Pois, señoras e señores, nada. Da demografía non hai nada de nada, non hai propostas estruturais. Do paro, nada. Eu pregunto: ¿Cal é a realidade do país que temos? ¿Cales son os indicadores sociais? ¿Cales son os indicadores de emprego? ¿Como están os nosos sectores produtivos básicos? Non hai ningunha referencia concreta á potenciación, á vertebración, ao impulso deses sectores produtivos; hai, noutros espazos –insisto–, declaracións de intencións e brindes á lúa. O idioma está san, señoras deputadas e señores deputados. A pesar de que a única pincelada

crítica do señor presidente no seu discurso facía referencia á escasa lectura en galego e á crise do libro galego, vostedes non teñen ningunha iniciativa que signifique un impulso do que é o sinal de identidade propio do noso país. Sabemos –iso si– que existe o Xacobeo, polas propostas de resolución.

En definitiva, señoras deputadas e señores deputados, eu creo que é lamentable o comportamento que vostedes teñen nos debates do estado da autonomía. Teñan vostedes conta de que, aínda que gañen con maioría absoluta tres ou catro veces, os diarios de sesións reflectirán o que está ocorrendo nesta Cámara, e, señor Fraga, daquela xa non vai estar presente para falsear a historia, xa non vai estar presente para reinterpretala. Os diarios de sesións cantarán cal foi o comportamento do Partido Popular, é certo que coa ilexitimidade da maioría absoluta, pero, desde logo, coa ilexitimidade que significa que o traballo que levamos facendo aquí dous días vostedes o pasen por un *rodillo* que impide que unha parte da sociedade galega se vexa representada nesta Cámara. Teñen vostedes dereito a sacar as súas iniciativas –é certo–, pero deberían de ter consideración polo traballo desta parte da Cámara, que representa –cos datos do 25 de maio–, señor Pita, máis da metade da sociedade galega; e iso, en realidade, é o que debería de producirse nun trámite coma este. Se non, díganme vostedes que sentido ten este trámite, eliminen no Debate do estado de autonomía o trámite das propostas de resolución; que, por certo, señor Casares, non as cumpren, porque eu invito o señor que vai saír agora a dicirnos que as cumpren, a que nos diga –se das 16 do Bloque Nacionalista Galego agás unha e das 2.500 prazas que estaban previstas non chega nin á terceira parte, e eran en tres anos– cales son os resultados satisfactorios.

Home, se vostede, señor Fraga, entende que cumprir unha proposta que significa desenvolvemento de competencias, que cumprir unha proposta que significa intentar defender a presenza de Galicia no Tribunal Constitucional e que significa cumprir unha proposta que é que o Ministerio Fiscal compareza en sede parlamentaria, é mandarlle a fotocopia da resolución, desde logo, moi pouco respectan vostedes esta institución parlamentaria. Presenten resultados satisfactorios do cumprimento desas propostas de resolución, sabemos que non dependen só de nós pero, desde logo, se o señor Fraga é o mozo dos recados das propostas de resolución, en moi pouca estima ten o cargo que ostenta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Castro García polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, señorías, estamos na segunda fase desta segunda parte do debate de política xeral con base no excelente, claro, optimista e didáctico discurso de onte do señor presidente da Xunta, baseado nunha posición irrenunciable, galeguista e popular, cheo de ideas e propostas, cargado de espírito xuvenil, con mensaxes inequívocas de esperanza desde un gobernante que ama a vida e o país, e que ten compromiso renovado con Galicia e coas súas xentes.

Permítanme algunhas pinceladas, breves necesariamente, sobre algunhas das 60 propostas de resolución socialistas e sobre as 151 propostas de resolución nacionalistas, nestes dez minutos que precisarían do mestre de Galilea para poder ser multiplicados.

Non me resisto a deixar de plantexarme e preguntarme se o discurso do Bloque é o do señor Beiras de onte ou hai que entender que hoxe o señor Suárez lle emenda a *plana* ao discurso do señor Beiras desde a UPG. Fixo o señor deputado outro discurso e dixo hoxe desde esta tribuna que o discurso auténtico é o de hoxe –xa nos quedou clara a cuestión a respecto deste asunto–. Lamento que isto suceda con moita frecuencia entre un portavoz e o outro, pero, en todo caso, alá vostedes.

Segue –iso si– o señor Suárez esta tarde –como non podería ser doutro xeito– en clave negra e escura, coa síndrome do piche, cando en Galicia o futuro se albisca con esperanza, con ilusión, con claridade e en positivo. Vostede é a “negra sombra” á que se refería Rosalía, pois eu ben tería que dicir con Rosalía: “moucho non che teño medo, moucho non che teño medo”, evidentemente.

A respecto dos incumprimentos das propostas de resolución do ano anterior, hai que dicir, señorías, e para que quede bastante claro teño un cadro, pero xa non o digo eu, xa nolo dixo o conselleiro da Presidencia nalgunha comparecencia –o que pasa é que vostedes escoitan o que queren escoitar e

son cegos ante o que non queren ver– que, evidentemente, en seis meses –en marzo do ano 2003– había 33 resolucións aprobadas, 33 resolucións cumpridas; en nove meses, 10 aprobadas, 3 cumpridas e 7 en cumprimento; e en catorce meses –en decembro de 2003– 9 aprobadas, 2 cumpridas e 7 en cumprimento. Plurianuais, 9 –unha e oito–; e en cumprimento condicionado a outras administracións, 2 e 2 en cumprimento. De maneira que das 47 do Grupo Popular, das 16 do BNG e dunha do Grupo Socialista, cumpridas hai 39; e, en cumprimento, señorías –que non hai que esquecer–, 24.

A respecto das propostas de resolución, imos aceptar algunhas delas: a 46 do Bloque Nacionalista Galego; a 47 tamén, tal e como está; e, cunha transacción, a 60 do Bloque Nacionalista Galego, que se refire aos enfermos de Alzheimer e ao seu ingreso en prazas de residencias públicas –despois explicaremos o texto concreto da proposta de resolución–. Imos aceptar tamén, cunha transacción, cambiando os meses de petición, a proposta de resolución 66, que se refire a plataformas loxísticas. A respecto da proposta de resolución 69, con seis meses en vez de dous, imos aceptar a ordenación de transporte interurbano de viaxeiros por estrada coa participación da Fegamp; e tamén cunha transacción, a proposta de resolución 115 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego sobre a tentativa de combater a baixada continuada do prezo do peixe espada –diremos despois o texto concreto da proposta de resolución tal e como acordamos na xuntanza, no momento da suspensión do pleno–. Tamén a respecto da 138, cando se fala de que se elabore nun prazo un plano de dotación de infraestruturas portuarias nos portos de competencia da Comunidade Autónoma respecto a unha serie de aspectos, como son o acceso ás infraestruturas de servizos, dotacións de varado e reparación de redes, dotación de instalacións de salvamento marítimo, dotación de instalacións de frío e comercialización.

Ben, señor presidente, a respecto das vivendas públicas, xa que aquí se falou sobre esta cuestión, hai que dicir, e dicimos desde o Grupo Parlamentario Popular, que nunca houbo tanta oferta e nunca houbo tanta hipoteca para a xente nova. Iso sábeno os mozos e, por suposto, sábeno os galegos; e cando teñen oportunidade de opinar sobre estas cuestións, a maneira de facelo é a través da papeleta na urna, que é unha enquisa moi razoable e moi de fiar cando son sometidos a consulta por parte das eleccións. Só tres comunidades autónomas, entre elas Galicia, cumpren os obxectivos do Plan de

vivenda nacional, e isto gustárame que quedara bastante claro, por se houbera algunha dúbida por parte dalgún voceiro que me precedeu no uso da palabra.

Se falamos de educación –e xa o deixou claro o señor presidente da Xunta no debate de onte, no seu estupendo e brillante discurso–, Galicia, Asturias e Navarra son as comunidades con menor fracaso escolar. Fíxense vostedes que o fracaso escolar é unha preocupación que nos afecta a todos dalgún xeito –como pais ou nais, como docentes e como cidadáns, en definitiva– porque, á fin e ao cabo, a calidade da educación da nosa xuventude debe preocuparnos porque vai ser o futuro e vai ser a que nos vai substituír nun tempo máis ou menos razoable en función da súa incorporación á vida activa.

A respecto do Grupo Socialista, na proposta de resolución número 11 aceptamos unha transacción cando esta proposta de resolución se refire a crear unha rede de servizos de atención á infancia que garanta a cobertura universal dos nenos e de nenas de cero a tres anos: garderías con horarios axeitados, escolas infantís, centros de día e ocio... de maneira que se garanta, naturalmente, a igualdade deste servizo en todo o territorio de Galicia.

Tamén aceptamos o plantexamento, a proposta –fixemos unha proposta de texto transaccionado–, a respecto da proposta de resolución socialista 58, que ten que ver con transferencias en materia de xustiza e coa correcta implantación dos xuízos rápidos e da Lei penal do menor. Tamén nos foi aceptada unha proposta de transacción, en relación coa resolución número 59 do Grupo Socialista, sobre as sedes xudiciais das grandes cidades de Galicia, para poñer nelas unha oficina de atención aos cidadáns e de asistencia ás vítimas dos delitos para darlles resposta áxil aos usuarios da xustiza do noso país –dentro, naturalmente, das posibilidades orzamentarias–.

Naturalmente, nós plantexamos, en relación cunha consideración que facía o Bloque Nacionalista Galego a respecto da violencia no fútbol –un tema que saltou hai poucos días á palestra, podemos dicilo así–, unha proposta de resolución que insta a Xunta a solicitarlles aos clubs de fútbol a implantación dun rexistro de grupos radicais, así como a vixiar os contidos das súas páxinas en internet, co fin de erradicar a violencia no fútbol. Naturalmente, esta é unha proposta que non esquezan as súas señorías que provén dun

acordo alcanzado entre o Goberno de Galicia e os clubs de fútbol galegos. É unha proposta sinxela, pero, ao mesmo tempo, moi clara e moi concreta. Plantexóusenos algunha disxuntiva, algunha preocupación, por se se explicaba claramente na proposta de resolución o tema do rexistro de grupos radicais ou se se falaba de identificación de grupos radicais. Naturalmente, nós tivemos a valentía de plantexar esta cuestión, outros grupos non o fixeron –respectamos, naturalmente, esta cuestión–. O Bloque Nacionalista Galego, que tanto critica esta cuestión, tivo a oportunidade de traer unha proposta máis razoable ca esta e, en todo caso, de poder debatela nesta sesión. Naturalmente, nós incluso estamos dispostos a aceptar que en vez de rexistro de grupos radicais figure identificación de grupos radicais, porque o que intentamos é, en definitiva, o obxectivo último, que é a erradicación efectiva, clara, concreta, concisa e definitiva da violencia no fútbol.

Polo tanto, señor presidente, señorías, estas son as posicións do Grupo Popular, que queren achegar solucións despois do discurso do señor presidente e que dan resposta á mecánica –naturalmente que si, señor Cerviño, moi marabilloso o discurso do señor presidente da Xunta; como é, por outra parte, frecuente; cousa que non se dá noutros *pagos*, por certo... E, señor presidente, despois, na votación, xa explicariamos o contido específico de cada transacción, para que quedara constancia no Diario de Sesións e puidera ser máis fácil a súa votación.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castro.

Imos proceder a votar, e a forma de facelo vai ser a seguinte. En primeiro lugar, votaremos as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista, despois as do Bloque Nacionalista Galego, e, finalmente, as do Grupo Parlamentario Popular. Eu irei dicindo as propostas que se van ir votando. Se nalgún momento hai algunha alteración, algunha transacción ou algunha votación por separado, que mo indique calquera dos portavoces, e así o faremos.

Se ocupan os seus escanos, imos proceder a votar as propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

Señor Veiga, ¿para que quere a palabra?

O señor VEIGA BUXÁN: Eu quería propor que se voten separadamente...

O señor PRESIDENTE: Cando chegue o número desa...

O señor VEIGA BUXÁN: ¿Vai ir unha a unha?

O señor PRESIDENTE: Si, vou ir citando a primeira, a segunda, a terceira, cando chegue o momento...

O señor VEIGA BUXÁN: Vostede verá, son moitísimas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Socialista.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a resolución número 2.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución número 2.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 3.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 4.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar as propostas de resolución número 5 e a 6.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a número 7.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 8, 9 e 10.
(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Perdóeme. A 11 está transaccionada coa 62 do BNG, tal e como anunciou o portavoz do

Grupo Popular, pero como non levantaba a man levanteina eu, porque, se non, pasaba desapercibida.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 8, 9 e 10.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 11 se nos din os termos da transacción.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, a proposta de resolución número 11 do Grupo Socialista di o seguinte: “O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a crear unha rede de servizos de atención á infancia que garanta a cobertura universal dos nenos e nenas de cero a tres anos: garderías con horarios axeitados, escolas infantís, centros de día e ocio, garantindo a igualdade deste servizo en todo o territorio galego.”

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar ese texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade a proposta de resolución número 11.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar agora a número 30.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar as número 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38 e 39.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 40.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar as propostas de resolución número 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56 e 57.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas de resolucións.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 58. *(Pide a palabra o señor Castro García.)*

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, grazas.

A proposta de resolución número 58 quedaría do seguinte teor: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar da Administración central a revisión do custo efectivo das transferencias en materia de xustiza para poder compensar o financiamento preciso para unha correcta implantación dos xuízos rápidos e da Lei penal do menor.”

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar esa transacción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 59 transaccionada. *(Pide a palabra o señor Castro García.)*

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: O texto da resolución 59 di o seguinte: “O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a crear nas sedes xudiciais das grandes cidades de Galicia unha oficina de atención aos cidadáns e de asistencia ás vítimas dos delitos, para darlle con axilidade unha resposta ao usuario da xustiza, así como para canalizar as axudas e protocolos de actuación das persoas que, por padecer un delito, soportan unha

situación crítica de desamparo, dentro das posibilidades orzamentarias.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Procedemos a votar a 59 transaccionada.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 60 do Grupo Parlamentario Socialista.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a votar as propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego comezando polas número 1, 2, 3.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 4 e a 5.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar as propostas de resolución número 6, 7, 8 e 9.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar agora a 10, 11 e 12.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 24.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 25, a 26, a 27 e a 28.
(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Co seu permiso, no caso de todas aquelas que sexan transaccionadas a partir dun texto primixenio do BNG, entendo que debo proceder eu á súa lectura, se non lle parece mal.

O señor PRESIDENTE: ¿Cales son?

O señor VEIGA BUXÁN: A número 28.

O señor PRESIDENTE: Entón votamos as outras antes.

O señor VEIGA BUXÁN: Perdón.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 25, a 26 e a 27.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: A 28 foi transaccionada; lea os termos da transacción, señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Paso a ler o texto da transacción desta proposta de resolución número 28 do BNG coa número 24 do Grupo Popular.

O texto é: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a levar a cabo urxentemente todas as medidas necesarias para que o conxunto de infraestruturas enerxéticas que están en trámite de instalación en Galiza, fundamentadas na converxencia do gas e da electricidade e baseadas na nova tecnoloxía produtora de electricidade dos ciclos combinados a gas, e a planta regasificadora galega, concreten a súa viabilidade e execución, dada a súa importancia para o desenvolvemento futuro do sector empresarial galego.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Votamos a 28 con esa transacción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 29, 30, 31, 32 e 33.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 34, a 35 e a 36.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44 e 45.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 46, despois da explicación.

(Un señor deputado: Señor presidente, a 46 e a 47 xuntas.)

O señor PRESIDENTE: A 46 e a 47 xuntas.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58 e 59.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 60, que está transaccionada.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

Señor Veiga Buxán, ¿para que quere a palabra?

O señor VEIGA BUXÁN: A proposta de resolución número 60 foi transaccionada polo noso grupo co Grupo Popular, e di así: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza á dotación de prazas en residencias públicas reformando o baremo de admisión para darlles prioridade ás persoas con problemas de Alzheimer.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Veiga Buxán.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade a proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 61, 62, 63, 64 e 65.

Procedemos a votar.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Tal como dixera anteriormente, a número 62 –que vostede citou no listado– fora transaccionada coa número 11 do Grupo Socialista e, polo tanto, xa fora eliminada como consecuencia daquela votación.

O señor PRESIDENTE: Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución, agás esa á que se fixo mención –que é a 62–, que xa fora votada con anterioridade.

(O señor Palmou Lorenzo aclara o sentido do seu voto, que é negativo.)

O señor PRESIDENTE: Votamos a 66. *(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)*

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Na proposta de resolución número 66 hai unha transacción co Grupo Popular que consiste, unicamente, na substitución de “seis meses” por “doce meses”.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución con ese novo texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 67.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 68.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 15; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Na 69 hai transacción. Ten a palabra o Señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Na proposta de resolución número 69, hai unha transacción do noso grupo co Grupo Popular na que habería dous cambios sobre o texto da proposta: onde di “dous meses” debe dicir “seis meses”, e onde di “unha lei” debe de dicir “un plano”.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposta de resolución número 69 con ese novo texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 70, 71, 72 e 73.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

(A señora Seara Sobrado aclara o sentido do seu voto, que é positivo.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 74.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 75.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 76.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a votar a 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96 e 97.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 98.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 40; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 99, 100, 101, 102, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113 e 114.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 115, que está transaccionada. Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: A transacción do noso grupo co Grupo Popular daría como consecuencia o seguinte texto: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a incrementar as medidas para combater a baixada continuada do prezo do peixe espada capturado pola frota galega de palangre e de superficie, e para eliminar a pesca e a comercialización do peixe espada procedente de buques con bandeira de conveniencia”.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar ese texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Creo que ata a 137 non hai ningún... *(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)*

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Sei que non hai ningunha nova transacción, o que pasa é que o noso grupo quere que se proceda á votación separada e individualizada das propostas de resolución...

O señor PRESIDENTE: Xa mo di e entón imos ir avanzando.

O señor VEIGA BUXÁN: Si, correcto.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 116, 117, 118 e 119.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 120.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 121 e 122.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 123.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 124 e 125.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 126.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 127, 128, 129, 130, 131, 132, 133, 134, 135, 136 e 137.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 138, que está transaccionada.

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Hai unha transacción entre o noso grupo e o Grupo Popular que consiste en substituír onde di “en seis meses” por “en nove meses”.

O señor PRESIDENTE: Pois, con esa nova redacción, votamos a proposta 138.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 139, 140, 141, 142, 143, 144, 145, 146, 147, 148, 149, 150, 151, 152 e 153.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a votar as propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular. *(Pide a palabra o señor Castro García.)*

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Proponemos votar naturalmente todas xuntas –agás as que xa foron votadas, obviamente–, e logo unhas engádegas nas propostas de resolución 26, 36 e 67. Pódollas ler agora ou como queira vostede.

O señor PRESIDENTE: Cando cheguemos aí...

O señor CASTRO GARCÍA: Ben, pois as vinte e cinco primeiras.

O señor PRESIDENTE: Ao mellor piden outras separadas e entón perdemos máis tempo do que pensamos gañar.

Proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

(O señor Veiga Buxán aclara o sentido do seu voto, que é positivo.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos a votar a número 2.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a votar a número 3, 4, 5 –a 5 xa saben que ten unha corrección, que o Parlamento de Galicia “insta a Xunta para que”–, 6 –que ten a mesma corrección–, 7 e 8. Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Pasamos á número 9.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución número 10 e 11.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a número 12.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 17; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 13 e a 14.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 15.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a votar a 16.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 17.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 18, a 19 e a 20.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 21. Saben que ten unha corrección de redacción que di: “O Parlamento acorda a creación dun grupo...”.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 22 e a 23.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas.

O señor PRESIDENTE: A 24 xa fora votada conxuntamente con outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pasamos a votar a 25.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 26.

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: O texto da 26, señor presidente, é o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que elabore unha nova Lei de comercio galega que lle dea axeitada resposta ás necesidades actuais e futuras deste sector, contemplando especialmente a problemática do comercio *minorista* galego”.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Procedemos a votar ese texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 27, 28, 29 e 30.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 31.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 32.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 33.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a votar a 34.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 35.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 36.

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente, a proposta de resolución 36 di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para que as zonas con dificultades orográficas teñan un recoñecemento especial de zona vitícola sensible”. O demais é todo como está redactado na proposta de resolución do Grupo Popular.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Con esa modificación procedemos a votar esta proposta de resolución 36.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 37 –a 38 foi retirada–, 39, 40 –a 41 foi retirada– e a 42.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Na 43 creo que hai transacción.

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señor presidente. A proposta de resolución número 43 diría o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitarlles aos clubs de fútbol a identificación de grupos radicais, así como a vixiar o contido das súas páxinas en internet co fin de erradicar a violencia no fútbol”.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castro.

Procedemos a votar ese texto novo, con esa aclaración.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Proposta 44 e 45.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

(A señora Rojo Noguera aclara o sentido do seu voto, que é positivo.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos á 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53 e 54.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas quedan aprobadas por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Procedemos agora a votar a 55.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 56 e a 57. *(Pide a palabra o señor Veiga Buxán)*

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Se non lembro mal, na 56 había unha transacción na que o Grupo Popular, polo menos na negociación, aceptara substituír o termo “aprobe” por “adapte”.

O señor PRESIDENTE: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que aprobe un plan...”.

O señor VEIGA BUXÁN: A proposta era “adapte”.

O señor PRESIDENTE: A proposta di: “adapte un plan”.

Procedemos a votar ese novo texto.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a 57 e a 58.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 59.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 60, 61 —xa saben que a 61 ten unhas palabras que engadir, que son as de “clasificacións profesionais”—, 62, 63, 64 e 65.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 66.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada.

O señor PRESIDENTE: A 67 ten unha transacción.

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señor presidente. A 67 di: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que impulse a presenza do cooperativismo como fórmula empresarial creadora de riqueza e emprego; especialmente en ámbitos emerxentes tales como os de servizos sociais, pesca, forestal e o agrogandeiro”.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castro. Votamos a 67 coa nova redacción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 68, 69, 70, 71, 72, 73 e 74.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución, por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a 75.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos a 76.

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Si. Nesta proposta de resolución o noso grupo quere solicitar a votación por puntos. Entón, solicitaría, se o grupo propoñente o acepta, a votación conxunta dos dous primeiros puntos, e separada do terceiro.

O señor PRESIDENTE: Se non hai oposición, procedemos a votar, na proposta de resolución número 76, o punto 1 e 2.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos da proposta de resolución número 76, por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 3 da proposta de resolución número 76.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 3 da proposta de resolución número 76.

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora á votación da 77 e 78.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Coas votacións destas propostas de resolución queda esgotada a orde do día, co cal remata a sesión.

Remata a sesión ás nove e quince minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Álvarez Blanco, Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, Marta	(PP)
4.- Amarello de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Borrajo Rivas, Pedro	(PS deG-PSOE)
9.- Bueno Berrío-Ategortua, Marisol	(PP)
10.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
11.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
12.- Carballo Páez, Ramón	(PP)
13.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
14.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
17.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
18.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
19.- Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
21.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
21.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
23.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
24.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
25.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
26.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
27.- García Leira, José María	(PP)
28.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
30.- González Loroño, Beatriz	(PP)
31.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
32.- Janza Muñiz, Paula	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Abella, Susana	(PP)
36.- López Besteiro, Manuela	(PP)
37.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
38.- López Outeiral, Manuel	(PP)
39.- López Pérez, Emilio	(BNG)
40.- López Veiga, Enrique César	(PP)
41.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
42.- Mayán Santos, José Manuel	(PP)
43.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
44.- Novo Arrojo, María Tereixa	(BNG)
45.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
46.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
47.- Pérez Ares, César augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BN)G)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
59.- Rodríguez González, Manuel Luis	(PSdeG-PSOE)
60.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
61.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
63.- Ruiz Rivas, Manuel Santos	(PP)
64.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
67.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
68.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
70.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
71.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490